C.P.I. DE PADRENDA-CRESPOS

VALORES ÉTICOS

# PROGRAMACIÓN CURSO 2016-2017

**Ana Estévez Costa**

ÍNDICE


**1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ............ 1**

**2. OBXECTIVOS XERAIS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. LOMCE 1º , 3º e 4º E.S.O............ 2**

**3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE............ 4**

**4. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS............ 8**

**5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR............ 8**

**6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE............ 9**

**7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ............ 10**

**8. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR ............ 10**

**9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC............ 11**

**10. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA............ 12**

**11. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ............ 12**

**VALORES ÉTICOS 1º E.S.O. ............ 14**

1. OBXECTIVOS ............ 15
2. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS............ 16
3. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANVERSAIS ............ 18
4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUINDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE ............ 26
5. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE ............ 30
6. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL ............ 32
7. CRTITERIOS DE CUALIFICACIÓN............ 33
8. ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.. 33
9. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA............ 34

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 1º E.S.O. ............ 36**

UNIDADE 1. SOMOS SERES HUMANOS............36

UNIDADE 2. COMPARTIMOS VALORES ............37

UNIDADE 3. VIDA MORAL E REFLEXIÓN ÉTICA NUN CONTEXTO DE PLURALISMMO MORAL.OS VALORES ....38

UNIDADE 4. AUTONOMÍA E HETERONOMÍA MORAL ....39

UNIDADE 5. OS DEREITOS HUMANOS ....40

UNIDADE 6. A DISCRIMINACIÓN SOCIAL E ECONÓMICA. DIFERENTES PERO IGUAIS ..41

UNIDADE 7. A DIVERSIDADE NOS ENRIQUECE ....43

UNIDADE 8. CARA UN MUNDO MELLOR ....44

UNIDADE 9. CONVIR EN PAZ ....45

**VALORES ÉTICOS 3º E.S.O. .... 46**

1. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS .... 47

2. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS,.... 47

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUINDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.... 54

4. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE .... 58

5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL .... 59

6. CRTITERIOS DE CUALIFICACIÓN.... 60

7. ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA..... 61

8. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.... 61

9. CONSTANCIA DE QUE O ALUMNADO É INFORMADO .... 62

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 3º E.S.O. .... 63**

UNIDADE 1. VIVIR EN DEMOCRACIA ....63

UNIDADE 2. LEXITIMIDADE E ORDEN POLÍTICO. A COMUNIDADE INTERNACIONAL ........64

UNIDADE 3. ESTATUTO DE AUTONOMÍA ....65

UNIDADE 4. OS DEREITOS HUMANOS ....66

UNIDADE 5. O MEU DOSIER CÍVICO....68

UNIDADE 6. UNHA SOCIEDADE PLURAL ....69

UNIDADE 7. A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES ....70

UNIDADE 8. OS RETOS ÉTICOS DA CIENCIA E A TÉCNICA ....71

UNIDADE 9. O ECOLOXISMO ....72

**VALORES ÉTICOS 4º E.S.O. ....73**

1. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS .... 73

2. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS, .... 75

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUINDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DASCOMPETENCIAS CLAVE.54

4. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE .... 79

5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL .... 81

6. CRTITERIOS DE CUALIFICACIÓN.... 82

7. ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA .... 83

8. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.... 83

9. CONSTANCIA DE QUE O ALUMNADO É INFORMADO ........................................................................ 83
**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 4º E.S.O. ............................................................................................ 84**
UNIDADE 1. VALORES PARA UN MUNDO GLOBALIZADO..................................................................84
UNIDADE 2. LA IMPORTANCIA DE LA ÉTICA.........................................................................85
UNIDADE 3. LA DEMOCRACIA COMO ESTILO DE VIDA..........................................................86
UNIDADE 4. SOCIEDAD Y JUSTICIA. LOS DERECHOS HUMANOS...........................................86
UNIDADE 5. EL DERECHO A LA PAZ..........................................................................................87
UNIDADE 6. ÉTICA, CIENCIA Y TÉCNICA.. ..................................................................................88

## 1. INTRODUCIÓN

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realice a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza , tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

Os Valores Éticos teñen unha valia fundamental para as persoas nunha sociedade democrática, de ahí a importancia de que a educación facilite a construción da identidade individual e potencie as relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, de acordo a valores cívicos, socialmente recoñecidos.

A área Valores, axuda en gran medida, a garantir o dereito universal dos alumnos a recibir unha educación que lles permite desenrolar o máximo das súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humans e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Asimesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadáns participativos e implicados na mellora da cohesión, a defensa e o desenvolvemento da sociedade democrática. Esta formación inclúe a adquisición das competencias sociais e cívivas, persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha maneira eficaz e constructiva en sociedades cada vez máis

diversificadas.

A proposta desta materia é formar ás persoas na reflexión e na vivencia de valores, respondendo á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado,fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencien a participación individual para lograr fins colectivos.

Deste modo, enriquécense as experiencias sociais dos alumnos, tendo en conta que viven en sociedade mentras se forman e que as vivenzas compartidas na escola enriquecen as súas aprendizaxes.

Esta área incita á reflexión e propón aprendizaxes relativos á dignidade persoal, ao respecto aos demáis e aos valores sociais na convivencia.

O valor da reflexión ética que ofrece a materia Valores Éticos debe centrarse en dotar aos alumnos dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuizos valorativos teñan o vigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren co fin de que as súas elecións sexan dignas de guiar as súas conductas, a súa vida personal e as súas relacións sociais.

O currículo básico configúrase en orden crecente de complexidade en cada un dos **seis bloques temáticos**, partindo desde certo nivel de concreción para, posteriormente, ascender cara a niveis máis xerais e abstractos de xeito gradual. Por outra banda, para que o alumnado desenvolva actitudes de aprecio aos valores éticos e adquira hábitos e pautas de conduta fundamentadas neles, cada bloque suscita o estudo de elementos diversos para cada ciclo, co fin de contemplar cada un dos seis eixes temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de profundización diferentes.

Os **bloques** son os seguintes:

“**A dignidade da persoa**", "**A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**", "**A reflexión ética**", "**A xustiza e a política**", "**Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH**) **e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos**" e, por último, "**Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".** As diferenzas entre bloques é o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo de **1º E.S.O.** os alumnos traballen o referido á personalidade e a súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En **3º E.S.O.,** os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o repecto á DUDH e os valores que conforman,e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen.

No currículo básico poden distinguirse dúas partes:

a) A primeira parte iníciase co estudo da dignidade da persoa, como fundamento dos valores éticos e a capacidade que esta posúe para elixir as súas accións e modelar a súa propia personalidade, asumindo a responsabilidade de ser libre. Seguidamente suscítanse as relacións interpersonales co fin de entendelas a partir do respecto e a igualdade, resaltando a natureza social do ser humano, a necesidade de desenvolver a capacidade de relación coa comunidade, a importancia das influencias sociais no individuo e os límites que supoñen para a práctica da súa liberdade, tomando como criterio normativo desta relación o respecto á dignidade e os dereitos humanos. Continúase realizando a reflexión ética achega dos valores e a súa relación coa autorrealización humana, o seu desenvolvemento moral e a análise dalgunhas teorías éticas realizadas por pensadores especialmente significativos.

b) A segunda parte conduce á aplicación dos valores éticos nalgúns ámbitos da acción humana; propón a análise da relación entre a xustiza e a política no mundo actual, o papel da democracia, a súa vinculación co estado de dereito e a división de poderes, facendo posible unha sociedade que garanta o exercicio dos dereitos humanos para todos os seus membros; continúa coa reflexión sobre os valores éticos que sinala a Constitución Española e as relacións que esta establece entre o Estado e o cidadán, así como, co feito histórico da súa integración na Unión Europea; deseguido nos leva ao terreo do Dereito e a súa relación coa Ética, destacando o papel da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como criterio internacional para unha xustificación ética do Dereito, como instrumento que regule e garanta o seu cumprimento, establecéndose como ideais irrenunciables para a humanidade. Finalmente, valórase a necesidade dunha reflexión achega da función da Ética no relativo á ciencia e a tecnoloxía, a elaboración de códigos deontológicos profesionais e empresariais, co fin de asegurar que os avances nestes campos e a súa aplicación non violen o respecto á dignidade e os dereitos humanos, nin á protección e conservación do medioambiente.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da pers onalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas (**CSEC**) está na súa propia constitución como materia. Promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuirase á adquisición de habilidades sociais.

Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística (**CCL**), pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Polo tanto, enriquecese a capacidade comunicativa do alumnado ,dado que, como toda forma de comunicación, posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións. A presentación de dilemas éticos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento desta competencia por que esixe exercitarse na escoita, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, utilizando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender (**CAA**) como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**), pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Promoveranse en todo momento, actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuirase á adquisición de habilidades sociais.

Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**), non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital (**CD**), que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículum básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais, e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

- Concienciarse dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.

- Aplicar métodos científicos rigurosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

- Manexar os coñecementos sobre a ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.

- Coñecer e utiloizar os elemtos matemáticos básicos. operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.

- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

**COMPETENCIA LINGUÍSTICA (CCL)**

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e texto relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos.

Doutra banda, contribuirase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estructuras lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabar, escoita atenta ao interlocutor.
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materiias diversas.

**COMPETENCIA DIXITAL (CD)**

Desenvolver a competencia dixital dende esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecementos.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vidad diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida en que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de xeito eficaz e constructiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

**COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSEC)**

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia dende onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflictos interpersonais de forma constructiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o repecto á pluralidade cultural, política, relisioxa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competrencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que se enuncian a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflictos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a compòrtarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

**COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)**

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien á sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Dende esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades.Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no trballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

**COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)**

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito.

Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos tales como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderiamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas…
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 4. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a **educación cívica e constitucional**, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o **desenvolvemento sustentable**, o **abuso e o maltrato de persoas con discapacidade**, ou o **fomento da igualdade de oportunidades**, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

## 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A UTILIZAR

Para o traballo da materia necesítase:

- Libro de texto e libro dixital da editoril Vicens Vives.
- Fotocopias proporcionadas polo profesor.
- Ordenador de clase.
- DVD de documentais e películas.
- CD-Rom e direcións de internet, para incorporar as posibilidades que ofrecen as TICs.
- Utilización dos medios de comunicación prensa, radio, televisión.
- caderno de traballo do alumnado.
- Lecturas complementarias.
- Diccionarios.
- Enciclopedias.
- Biblioteca do centro.
- Páxinas web.

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Sendo a diversidade un factor inherente ó desenvolvemento humano, a educación ten a obriga de buscar un equilibrio entre a comprensividade do currículo e a diversidade do alumno.

O obxectivo da Educación Secundaria Obrigatoria é ofrecerlles ós alumnos unha cultura común, á que deberá acceder calquera persoa en igualdade de condicións. Non se pode, en consecuencia, pretender a súa uniformidade. O respecto ás particularidades de cadaquén implica propoñer aprendizaxes e actividades que teñan en conta que as necesidades, intereses e capacidades de aprendizaxe son moi distintas entre os alumnos, debido a factores de tipo individual ou de orixe socio-cultural.

Valores Éticos, á hora de tratar esta diversidade de alumnos, ofrece unha amplia posibilidade de diferentes estratexias que permiten darlles resposta ás diversas realidades do alumnado, relacionadas tanto co método de ensino como coa organización interna do grupo na aula.

En primeiro lugar, a principio de curso, realizarase unha avaliación inicial que permita coñecer o punto de partida de cada alumno, utilizando unha serie de actividades que aportarán a información necesaria para coñecer o nivel de cada un.

En canto os contidos hanse diferenciar con claridade os básicos dos complementarios, tomando como básicos os seguintes:

- Os imprescindibles para aprendizaxes posteriores.
- Os que contribúen ó desenvolvemento de capacidades básicas (comprensión, expresión, etc.).
- Os que denotan un maior nivel de funcionalidade en diversos aspectos da vida cotiá.

A diversidade entre o alumnado se debe atender na aula de forma individualizada na fase de realización das actividades. En cada sesión canalizaranse os diversos comportamentos e necesidades, dende os alumnos motivados, participativos, creativos e autónomos ata aqueles que manifestan dificultades de comprensión e precisen axudas personalizadas.

Esta programación presenta materiais didácticos con diferentes graos de dificultade. Así aínda que se espera que a maior parte do alumnado realice todas as propostas baixo a orientación personalizada do profesor, o material debe permitir que un alumno con menos capacidades realice só aqueles exercicios máis adecuados para que avance seguindo un itinerario sinxelo e axeitado o seu ritmo de traballo.

Na programación hai que ter en conta en todo momento a atención ós alumnos con necesidades específicas de apoio educativo e reforzo, xa que constitúen un obxectivo primordial, ofrecer unha cultura común na que todos teñan a mesma igualdade de condicións. Primeiro temos que observar os alumnos do grupo e no caso de presentar alugún tipo de dificultade o problema (déficit físico, psíquico, sensorial, alta capacidade, trastornos graves de desenvolvemento e trastornos de conducta, de orixe socio-cultural), temos que facer as oportunas adaptacións curriculares, segundo as necesidades de cada un.

Como estratexias didácticas, recoméndase a realización de actividades de aprendizaxe a través de diferentes modalidades ou vías, que lle permitan ao alumno a súa elección segundo o tipo de grao de dificultade, sen pretender que todos os alumnos adquiran o mesmo nivel de aprendizaxe sobre todo os contidos do curso. Así cada individuo debe ser avaliado, no por comparación co tipo medio, senón con criterios de avaliación establecidos que admiten diferentes graos e niveis de realización que non implican que todos os membros do conxunto logren as mesmas aprendizaxes ou graos respecto dos contidos.

Outras estratexias tamén poderían ser a utilización de materiais didácticos diversos, de maior ou menor complexidade (xornais) relacionados cos contidos, así como a combinación de agrupamentos (individuais ou en grupo) para a realización de distintas actividades, potenciando que a relación se estenda fora da aula. E sen esquecer a utilización dos recursos informáticos e novas tecnoloxías (TIC) no proceso de elaboración de esquemas.

En resumo, planearánse actividades de reforzo e ampliación nos distintos temas abordados. Para iso, proporcionaraselles material fotocopiable complementario (textos,

comentarios...) e empregarase tamén material audiovisual e internet (consultando cuestións, buscando información...)

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Polo momento, non está programada ningunha actividade para este nivel pero procurarase desenvolver actividades na que se traten temas sobre a prevención do acoso escolar e ciberacoso, charla sobre voluntariado, participación nalgún programa de coidado medioambiental,etc. Asi mesmo, no se exclúe a posibilidade de organizar algunha outra actividade que nos pareza de interese na formación do noso alumnado.

Antes de realizar unha actividade ou unha saida, traballaranse tres momentos:

- Antes de realizala. Os alumnos toman un primer contacto coa actividade que se vai a traballar ou co que se vai visitar para espertar certo interese.
- No momento de realizar a actividade ou a saída. Daránselles guías de observación preparadas segundo os obxectivos que se persigan.
- O finalizar a actividade ou de volta na aula. Traballarase partindo da información obtida.

## 8. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Un dos obxectivos fundamentais da materia será, capacitar ao alumnado para traballar coa ferramenta de traballo intelectual máis potente que existe, a capacidade de entender as mensaxes escritas, de analizar, sintetizar e expoñer as ideas dun texto, porque só a partir da lectura dos pensamentos dos outros poderase xestionar e potenciar a nosa propia forma de ver o mundo.

Pero a competencia lectora non ten que ver só cunha competencia cognoscitiva, senón que debe tamén incidir as habilidades creativas dos alumnos, que deberán adquirir a competencia ou habilidade que lles permita producir eles mesmos textos escritos, conceptualmente ben expostos, usando as ferramentas propias dun pensamento racional.

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. En primeiro lugar, potenciarase a lectura do libro de texto así como as páxinas específicas dedicadas á lectura. Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan, comprendan e valoren non só a través do texto

expositivo, senón tamén doutros tipos de textos. Así mesmo ensinaráselles aos alumnos a ler diferentes textos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a seleccionar as ideas principais e a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información.

En terceiro lugar, promoverase que os alumnos lean un conxunto de informacións para que formen a súa propia opinión sobre temas polémicos e de debatelos cos seus compañeiros.

En cuarto lugar, intetarase que os alumnos aprendan a identificar os aspectos subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron. Ademais analizarán textos de todo tipo: políticos, testimoniais, literarios,etc.

En quinto lugar, proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán. Estas actividades de comprensión lectora poden ser de varios tipos:

O profesor cooperá guiando, informando, interpretando, aclarando, explicando todas as dificultades que se orixinen na lectura ao longo da clase.
A hora de ler todos xuntos ten unha duración de 50 minutos. A lectura será realizada mantendo as normas de clase (en silencio, boa postura, etc).
Por outra banda, con repecto ao centro, dicir que ten un plan obrigatorio, un calendario secuenciado no tempo e xeral para todo o centro. Proposta de actividade: lectura individual. Cada quen traerá as súas propias lecturas. Ante posibles esquecementos haberá unha caixa de lectura a disposición don alumnado. Achéganse libros da biblioteca do centro e da biblioteca da aula para que o alumnado colla con liberdade.

Ensinarase aos alumnos a entender que na lectura podemos atopar catro apartados ou funcións:

- A lectura serve para informarnos.
- A lectura serve para aprender.
- A lectura serve para gozar.
- A lectura serve para opinar.

Darase resposta aos diferentes niveis e intereses lectores, ofrecéndolles distintas situacións de lectura.Terase en conta que estimular o hábito de lectura require tempo e constancia.
Preténdese que o alumnado:

- Descubra a lectura como goce persoal.
- Valore a importancia dos libros.

## 9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Fomentarase a comprensión lectora dando aos alumnos as ferramentas necesarias para entender os textos cos que se traballe, de xeito que sexan autónomos para a súa aprendizaxe. Isto reforzarase cun traballo onde sexan os propios alumnos os que preparen en pequenos grupos traballos monográficos para expoñela ao resto da clase. As TIC serán empregadas puntualmente, cando se poda acceder á aula de informática para que os alumnos tomen contacto co funcionamento dalgúns programas informáticos e sexan capaces de entender o ordenador como outra ferramenta de traballo para conseguir plasmar unha idea e para buscar información sobre a actualidade.

A aparición de Internet supuso unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, hai que ensinar aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi potentes desde o punto de vista didáctico. Tamén empregarase o ordenador da aula, tanto para buscar información como para proxectar material audiovisual que deberá ser utilizado para desenvolver as habilidades críticas e de comprensión. Estes recursos incorporaránse ao día a día na aula, compartindo protagonismo cos contidos planificados para o curso.

## 10. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A escola ten por función educar e formar a persoas para a vida e na vida é necesario saber convivir para adaptarse á sociedade na que nacemos ou vivimos. A convivencia resulta, con moita frecuencia, problemática: a escola, a rúa, a sociedade son, a veces, un territorio adverso

para que os nosos alumnos aprendan a convivir. Por iso, o ensino e a práctica da convivencia escolar ten unha esixencia de actualidade.

Nesta materia realizaranse as seguintes accións favorecedoras da convivencia escolar:

- Fomentar a lectura, en coordinación co plan lector, de libros que fagan fincapé nos valores democráticos, a información sobre outras culturas, relixións, sociedades, a convivencia democrática, a igualdade de dereitos, a tolerancia de ideas e a cultura da paz.

- Favorecer as actitudes dialogantes, de tolerancia,mediación de confliuctos e de respecto aos demais dentro e fora das clases.
- Buscar e seleccionar, por parte do alumnado, de imaxes (presentacións) e textos motivadores, de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan a valorar e respectar as diferenzas culturais e relisioxas. Defensa dos propios valores, principios e opinións diante o grupo.
- Visionar películas, documentais ou imaxes das redes sociais que fagan fincapé nos valores democráticos de igualdade, dereitos humanos,cultura de entendemento, respecto a toda manifestación cultural e social.
- Realizar debates de xeito democrático sobre temas de actualidade de prensa diaria.
- Proponse experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e aceptación das diferenzas e respecto entre iguais. Nalgunhas propostas os alumnos terán que traballar en equipo asignando roles rotativos, farase ver, como a unión, o traballo en equipo, a solidariedade e o compañerismo, son alicientes básicos nunha boa solución práctica.

## 11. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Como profesor avaliarase os procesos de ensinanza- aprendizaxe e a nosa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo plasmados na programación. Comprobarase principalmente:

- Grado de asimilación dos contidos.
- A necesidade de aplicación de medidas de reforzo ou de recuperación.
- axuste da temporalización.

Esta avaliación, terá un carácter continuo e tamén incluirá referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.
- O aproveitamento dos recursos do centro
- A relación entre profesor e alumnos.
- A convivencia entre alumnos.
- A adecuación das actividades complementarias e extraescolares.

O criterio principal para avaliar a programación e que se optimice a práctica diaria; por tanto a programación irá adaptándose as necesidades reales da aula ao longo do curso. Se fose necesario se proporán as modificacións que se consideren oportunas e que poidan redundar nunha mellora dos obxectivos pretendidos.

A programación avaliarase periódicamente e a valoración xeral de dita avaliación quedará reflexada na memoria de final de curso.

# VALORES ÉTICOS 1º E.S.O.

## 1. OBXECTIVOS

- Valorar a diginidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.
- Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.
- Comprender o concepto de virtude en aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
- Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.
- Tomar conciencia da importancia quer ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.
- Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
- Recoñecer a diferenza entre autonomía e heterenomía desde a concepción Kantiana.
- Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conducta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
- Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.
- Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecelas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.
- Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
- Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valortes éticos recoñecidos.
- Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
- Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuosos e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
- Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
- Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegirando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
- Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
- Apreciar o efecto que producen os valores na conducta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
- Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.

- Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conducta.
- Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
- Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a eleboración sa DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
- Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
- Coñecer o panorama actual repecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.

## 2. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Para poder levar a cabo á práctica a programación didáctica se comeza por estructurar e organizar os contidos conceptuais en **catro bloques temáticos**, con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente, dos **seis bloques do currículo da materia da E.S.O.**

As diferenzas entre os bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo de 1º E.S.O. os alumnos e as alumnas traballen o referido á personalidade e a súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política.

**Bloque 1. A dignidade da persoa.**

**Bloque 2. A comprensión, o repecto e a igualdade nas relacións interpersoais.**

**Bloque 3. A reflexión ética.**

**Bloque 4. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos5**

**(DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.**

Deste xeito, procurase que o **primeiro bloque** abarque a **primeira avaliación.**

Na **segunda avaliación** os alumnos traballaran o **segundo bloque**, consolidando e ampliando os seus coñecementos, profundando dun xeito máis específico nos contidos. Preténdese que os alumnos coñezan os fundamentos da natureza social do ser hu mano e a relación que se establece entre este e a sociedade. Que valoren a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa. Que distingan na persoa os ámbitos da vida privada e pública, identificando os límites da

liberdade persoal e social. Que utilicen a conducta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e que xustifiquen a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas,respectuosas e satisfactorias.

E na **terceira avaliación** os alumnos traballarán os contidos relacionados co **terceiro** e co **quinto bloque**, preténdese que os alumnos distingan entre ética e moral, que recoñezan que a liberdade constitúe a raíz da estructura moral na persoa e que aprecien o papel que xoga a intelixencia e a vontade. Tamén que xustifiquen e aprecien o papel dos valores éticos na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, e que tomen conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social.

Finalmente, nesta avaliación trataránse temas relacionados cos dereitos humanos e máis concretamente cos da muller e da infancia en grande parte do mundo. Tamén se falará e traballará con organizacións que traballan polo cumprimento dos dereitos humanos, ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros.

**3. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANVERSAIS**

1º de ESO

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A dignidade da persoa | | | |
| a<br>d<br>h | B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.<br>B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.<br>B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral. | B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico. | CCL |
| | | | VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre. | CCL |
| | | | VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral". | CSC |
| a<br>b<br>d<br>e<br>g<br>h | B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.<br>B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos. | B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta. | VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida. | CAA<br>CSC |
| | | | VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos. | CSIEE |
| a | B1.6. Personalidade: | B1.3. Describir en que | VEB1.3.1. Identifica en | CSC |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| f<br>g<br>l | factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano. | consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal. | que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano. | CSIEE |
| a<br>d<br>g<br>h | B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán. | B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade. | VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade. | CSC |
| | | | VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección. | CSIEE |
| a<br>b<br>d<br>e<br>g<br>h | B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa.<br>B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral.<br>B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional. | B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano. | VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano. | CCL |
| | | | VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral. | CCL |
| | | | VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a | CAA<br>CSC<br>CSIEE |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | perseveranza, entre outras | |
| a<br>b<br>d<br>g<br>h<br>m | B1.11. Habilidades emocionais segundo Goleman.<br>B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas.<br>B1.13. Introspección: autocoñecemento, autocontrol e autonomía. | B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais. | VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo. | CAA |
| | | | VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras. | CSC |
| | | | VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta. | CAA<br>CSIEE |
| a<br>d<br>g<br>m | B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.<br>B1.15. Persoa como proxecto vital. | B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar | VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., | CSIEE |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | a súa autoestima. | nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a. | |
| | | | VEB1.7.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido. | CSIEE |
| | Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | | | |
| a<br>b<br>d<br>e<br>g<br>h | B2.1. A natureza social do ser humano.<br>B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.<br>B2.3. Os valores éticos como guías das relación interpersoais na sociedade. | B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos. | VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral. | CSC |
| | | | VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade. | CCL<br>CSC |
| | | | VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema. | CD<br>CSIEE |
| a<br>b<br>d<br>e<br>g<br>h<br>ñ | B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.<br>B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na | B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os | VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que | CCL |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | configuración da personalidade.<br>B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana. | axentes sociais. | vive. | |
| | | | VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos. | CAA<br>CD<br>CSC |
| | | | VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais. | CSC |
| a<br>h | B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos. | B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos. | CCL |
| a<br>b<br>d<br>h | B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relación humanas. | B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen | VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o | CAA |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | as relacións humanas. | tema. | |
| a<br>b<br>d<br>g<br>h | B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición.<br>B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas.<br>B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais. | B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora. | VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas. | CCL<br>CSIEE |
| | | | VEB2.5.2. Amosa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc. | CSC |
| | | | VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas. | CAA<br>CCL |
| | | | VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de | CAA<br>CCL<br>CSIEE |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado. | |
| a<br>b<br>d<br>h | B2.12. Valores e virtudes éticas nas relación interpersoais.<br>B2.13. Deber moral e cívico do auxilio. | B2.6. Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias. | VEB2.6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc. | CSC |
| | | | VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc. | CSC |
| | | | VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia. | CSC |
| | Bloque 3. A reflexión ética | | | |
| a<br>d | B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da | B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as | VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral. | CSC |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| h | reflexión ética. | semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización. | VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética. | CSC |
| a<br>d<br>f<br>h | B3.2. Conduta instintiva animal e o comportamento racional, libre e moral do ser humano. | B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas. | VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas. | CMCCT<br>CSC |
| a<br>b<br>d<br>e<br>f<br>g<br>h | B3.3. Liberdade e concepto de persoa.<br>B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade.<br>B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación. | B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. | VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa. | CCL |
| | | | VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer. | CAA |
| | | | VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada | CCL<br>CD<br>CMCCT |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | con soportes informáticos e audiovisuais. | |
| a<br>b<br>d<br>e<br>h | B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva.<br>B3.7. Clases de valores.<br>B3.8. Xerarquías de valores. | B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa importancia. | VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas. | CCL |
| | | | VEB3.4.2. Procura e selecciona información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc. | CAA<br>CSC |
| | | | VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais. | CD<br>CSC |
| a<br>d<br>h | B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos. | B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. | VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos. | CSC |
| a<br>d<br>e<br>g<br>h | B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade. | B3.6. Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade. | VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a | CSC |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | violación dos dereitos humanos, etc. | |
| | | | VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social. | CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | | | |
| a<br>c<br>d<br>h | B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos. | B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos. | VEB5.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo. | CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.<br>B5.3. Dereitos da infancia. | B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución. | VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero. | CSC |
| | | | VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como | CSC |

| | Valores éticos. 1º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | soldados/as, etc. | |
| | | | VEB5.2.3. Emprende, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos. | CSC<br>CSIEE |
| a<br>d<br>e<br>g | B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG. | B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos. | VEB5.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións. | CAA<br>CSC<br>CCL |

## 4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUINDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Apostase por un deseño curricular aberto e flexible que permita adaptacións en función das características persoais, sociais e culturais.

Para o desenvolvemento da programación é necesaria unha **metodoloxía activa**, con actividades ***abertas*** (que no esixen unha resposta única), ***variadas*** (có fin de evitar a monotonía), ***motivadoras*** (que estimulen aos alumnos), ***diversas*** (que podan presentar distintos grados de dificultade) e ***significativas*** (que aporten unha nova aprendizaxe).

A metodoloxía didáctica que se vai a aplicar é:

- Explicación teórica do tema.
- Visionado audiovisual de imaxes relacionados co mesmo.
- Cuestionarios e análise de exercicios.
- Traballo en equipo.

Os alumnos deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo. A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conducta e as súas relacións sociais cara o benestar común. Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estructuras cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade.

Empregaranse unha serie de actividades de diferentes tipos para axudar a desenvolver as capacidades dos alumnos, ao mesmo tempo que serven de apoio para afianzar os coñecementos propios de cada unidade didáctica.

As actividades deben proporcionar aos alumnos a oportunidade de progresar con certa autonomía, de xeito que podan aplicar os coñecementos adquiridos a situacións reais.

Do mesmo xeito, as actividades deben constituir a resposta aos contidos de modo que estes podan interpretarse e reflectirse en distintos niveis.

A nosa orientación didáctica basearáse na comunicación , así a ensinanza realizaráse de forma activa. Por elo, o diálogo, o debate e a confrontación de ideas e hipótesis constituirán os eixes de cualquier plantexamento metodolóxico aberto, activo e personalizado. Así intentarán evitarse, no posible, as tradicionais clases maxistrais, basadas na mera explicación, e plantexar a figura do profesor como axente motivador e orientador. O profesor guiará ao alumno e lle proporcionará as estratexias necesarias para que cada alumno configure o seu propio coñecemento. Hai que ter en conta que a aprendizaxe non debe basearse en métodos memorísticos ou repetitivos, sino de manera significativa, todo o cal lpodemolo concretar en diversos principios didácticos.

Podemos sinalar os seguintes:

· Visión descriptiva e narrativa da materia.

· Cultivar a curiosidade e o gusto polo pensamento e os dilemas éticos.
· Importancia de proporcionar ao alumnado unha cultura básica xeral.
· Preocupación pola educación en valores, pola formación de ciudadáns responsables.
· Importancia de cultivar nos alumnos ó principio da súa personalidade e madurez.
· Flexibilidade do material.

Así, tendo en conta estes principios, desenvolveránse numerosas actividades, que han de adaptarse ó nivel cognitivo do noso alumnado.

O principio de curso comprobaráse o punto inicial de partida de cada alumno, realizaráse unha avaluación previa. Ao final de cada trimestre faráse outra e o final de curso outra para valorar a consecución dos obxectivos xerais do curso.

A metodoloxía alternará estratexias expositivas e de indagación. Dado o carácter desta materia a metodoloxía será eminentemente práctica. Traballarase polo tanto a investigación: busca de datos na biblioteca, mediante enquisas e entrevistas, a través de internet... o diálogo e a capacidade de argumentación: debates, charlas,

presentación na clase do traballo feito en equipos. A proxección de películas como elemento ilustrativo dos contidos é motivador.

Estas estratexias e avtividades materializaranse en técnicas como:

- Os diálogos.
- Os conflictos cognitivos.
- Os dilemas morais.
- Os cuestionarios escritos.
- Os cuestionarios orais.
- Comentarios de distintos tipos de texto (orais, escritos ou audiovisuais).
- A exposición oral.
- O debate.
- O coloquio.
- A entrevista colectiva.
- Os mapas de contido.
- A investigación bibliográfica.
- Os traballos de investigación.

Estas actividades pódense clasificar en:

1. **Actividade introductoria**: nela explícase en qué consisten os contidos da unidade didáctica, e cómo se van desenvolver.
2. **Actividade de coñecementos previos**: emprégase para determinar o grao de coñecementos previos dos alumnos acerca dos contidos da unidade didáctica.
3. **Actividade motivadora**: desenvólvese de xeito que sirva de estímulos aos alumnos.
4. **Actividade de desenvolvemento de conceptos** : consiste na exposición do tema por parte do profesor.
5. **Actividade de exercicios**: nela, son os alumnos os que traballan.
6**. Actividades de ampliación e reforzo**: a súa función é atender á diversidade.
7. **Actividade de síntese**: serve para concretar ou resumir os contidos básicos da unidade didáctica.
8. **Actividade de vocabulario**: emprégase para atender os obxectivos xerais da etapa, ao mesmo tempo que cubre a necesidade lingüística dos alumnos, desenvolvendo a súa capacidade de expresión e comprensión de termos específicos da materia.
9. **Actividade de avaliación**: serve para determinar o grao de consecución dos obxectivos.

Para o desenvolvemento da materia dentro da aula tentarase guiar aos alumnos no seu traballo, tendo especial atención ás motivacións persoais e á natureza de cada individuo. Tentarase dar a maior flexibilidade no xeito de expresión de cada un, así como ser estricto nos exercicios nos que se apliquen conceptos teóricos explicados na aula, deste xeito intentarase transmitir aos alumnos os conceptos de liberdade de expresión ó mesmo tempo que o rigor no emprego das técnicas, deixando sempre unha marxe aberta á experimentación.

Traballarase individualmente e en grupos, de xeito que o alumno aprenda a desenvolver a súa personalidade e adaptarse ao grupo, desenvolvendo a conciencia colectiva e a solidariedade e respecto aos compañeiros. Estableceranse normas para cada traballo e normas de comportamento en xeral dentro da aula, cos compañeiros e de coidado do material.

Se realmente quérese conseguir a construción de aprendizaxes significativas, partirase sempre dos coñecementos do alumno, pois está demostrado que a capacidade de comprensión non depende tanto da cantidade de información que se recibe, como da estruturación dos coñecementos.

O tratamento dos contidos que se propoñen nesta programación, penso que adáptase perfectamente á capacidade cognoscitiva do alumnado, á súa experiencia e realidade, de tal maneira que lles resultan totalmente alcanzables. Provocando o esforzo do alumno e estimulando unha aprendizaxe motivada e orixinal; establecendo unha progresión na complexidade dos novos contidos, aplicando graos que tenderán á adquisición dos coñecementos.

Para cumprir os obxectivos propostos atenderáse os seguintes criterios:

- **Criterio de dificultade**: Organizando os contidos de xeito que se comece por os de carácter máis concreto e, por ter carácter básico, preparen para entender os máis abstractos e esixan unha maior capacidade de comprensión espacial.

- **Criterio de interese**: Debe conectar cos intereses e necesidades dos alumnos, proporcionándolles de forma clara e atractiva a finalidade e utilidade das aprendizaxes.
- **Criterio de organización cíclica**: Os temas máis complexos estúdanse seguindo unha graduación no nivel de dificultade de forma que nos cursos máis baixos se tratan en forma de iniciación e chégase a unha especialización nos derradeiros cursos de esta etapa.
- **Criterio de operatividade**: Queda reflexado en torno o "saber ver" e "saber facer".

A programación de aula e de cada unha das unidades didácticas, baséanse nos seguintes principios que sintetizanse e concretanse da seguinte forma:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.

- Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias clave e específicas por medio do traballo das materias.

- Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa **aprendizaxe mecánica**.

- Propícianse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos de modo que o alumno poda comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido.

- Foméntanse a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu de modo que o alumno poda analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender de forma autónoma**.

Proponse unha combinación de ensinanzas verbais e obxectivas, coa axuda de medios audiovisuais, así como de esquemas, debuxos, reproducións, que faciliten a comprensión e introduzan variacións na estimulación.

Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumno e o esforzo que este realice para poñelos en práctica. O proceso da avaliación segue o proceso de aprendizaxe do día a día: parte do primeiro día de clase ata chegar ao último e será actualizado en cada momento segundo as novas capacidades e actitudes que ten o alumno/a.

-Autoavaliación: procurarase que o alumno/a realice a súa propia avaliación interna, tomando unha actitude crítica e construtiva co seu traballo que lle axude a atopar un modo persoal de expresión e fomentando a coavaliación de profesor/a e alumno/a.
Así mesmo, sométese a unha avaliación interna a propia estrutura e funcionamento da programación didáctica, determinando con iso os graos de axuste, atendendo ao servizo dunha metodoloxía diferenciada en función do alumno/a.

Informarasen aos alumnos ao principio do curso dos contidos da programación e da forma en que serán avaliados e cualificados: A principios de curso, a profesora informará aos alumnos/as acerca dos contidos da programación verbalmente ou por escrito.

Preténdese:

Que a miña actividade como profesora será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.

Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

Orientar a miña acción a estimular no alumno o desenvolvemento de competencias clave.

Promover a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.

Buscar formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.

Impulsar un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á miña actualización pedagóxica, que proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno no mesmo a través da autoavaliación e a coavaliación. Fomentar o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Todo o material necesario para acadar os obxectivos do curso pedirase ao comezo do curso e nas primeiras clases.

## 5. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE

A avaliación é o aspecto máis complexo do proceso ensinanza aprendizaxe. Dada a complexidade do proceso avaliador,en todas as unidades didácticas utilizaranse distintas técnicas e instrumentos de avaliación. que proporcionarán unha información completa de todos e cada un dos alumnos, así permitirá coñecer si se conseguiron ou non os obxectivos.

O sistema de avaliación é continua, baseada na observación diaria dos contidos a na adquisición e desenvolvemento das competencias clave. A avaliación dos alumnos atende ao conxunto de obxectivos establecidos nas unidades didácticas que se desenvolven na programación. O alumnado coñece dende o principio de curso o sistema de avaliación, que se basea na realización de exercicios, traballos individuais, traballos colectivos, propostas prácticas e exames. Así mesmo teñen un peso importante na cualificación:

- o repecto ás normas de convivencia.
- o repecto aos profesores e aos compañeiros.
- a entrega dos traballos prácticos, axuntándose ás condicións mínimas que se lles indican.
- o coidado do material e o mantemento da orde e da limpeza no seu lugar de traballo.
- o traballo individual e en equipo.
- o traballo cumprindo as normas de hixiene e seguridade.
- a selección, organización e utilización do material adecuado para o desenvolvemento dos seus traballos.
- a presentación dos traballos con limpeza, orde e pulcritude.
- ser capaz de traballar autonomamente, sen necesidade de instrucións concretas e constantes.

O valor da reflexión ética que ofrece a materia Valores Éticos debe centrarse en dotar aos alumnos e alumnas dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuizos valorativos teñen o rigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren co fin de que as súas eleccións sexan dignas de guiar a súa conducta, a súa vida persoal e as súas relacións sociais. O currículo básico se estructura en torno a tres eixes:

- En primeiro lugar, pretende cumprir co mandato da Constitución española, que fixa como obxecto da educación o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades

fundamentais, que deben interpretarse segundo o establecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos acordos internacionais ratificados por España co fin promover a súa difusión e desenvolvemento, garantindo o seu cumprimento por toda a humanidade.

- En segundo lugar, contribúe a potenciar a autonomía do novo e a preparalo para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento, aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos e o investimento do seu propio esforzo, un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control achega da súa propia existencia.

- Finalmente, contribúe a favorecer a construción dunha sociedade libre, igualitaria, próspera e xusta, mediante a participación activa de cidadáns conscientes e respetuosos dos valores éticos nos que debe fundamentarse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como referencia universal para superar os conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social. Valores Éticos contribúe á consecución das COMPETENCIAS CLAVE.

En primeiro término, contribúe a desenvolver as competencias relativas ao pensamento crític o e a resolución de problemas, dende o momento en que incide na necesidade de analizar, suscitar,argumentar e dar solucións fundamentadas aos problemas éticos, sendo precisamente este o eixe sobre o que vira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, posto que todo require unha demostración racional. A competencia social e cívica, a de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborativo, increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e tómase conciencia da importancia dos seus valores culturais. Ademais, a solución de conflitos interpersonais de forma non violenta promove no alumnado o interese por desenvolver actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza. A competencia de aprender a aprender se promove mediante o exercicio dos procesos cognitivos que se realizan no desenvolvemento do currículo básico, tales como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, evaluar, argumentar, etc. e favorecendo nos alumnos e alumnas o gusto e a satisfación que produce o descubrimento da verdade. Doutra banda, a presentación de dilemas éticos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, porque esixe exercitarse en escoitar, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, utilizando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

A continuación enuméranse os distintos instrumentos que se poden emplear para avaliar a aprendizaxe dos alumnos.

**1. Observación e análise de tareas.**

- Participación nas actividades da aula, como debates, encuestas, traballos de investigación en grupo e as súas correspondentes postas en común, que son un momento privilexiado para a avaliación de actitudes.
- Traballo, interés, orden e solidariedade dentro do grupo.
- Caderno de clase no que o alumno anota os datos das explicacións,as actividades e exercicios propostos. A súa maior ou menor grado de actualización e correción formal permiten ó profesor evaluar dende o punto de vista privilexiado o traballo, interés e o grado de seguimento das tareas do curso por parte de cada alumno.

**2. Probas de control.**

Probas de elaboración nas que os alumnos deberan amosar o grado de asimilación dos contidos propostos na programación.Evalúan a capacidade do alumno para estructurar con coherencia a información, establecer interrelacións entre factores diversos.

Serían comentarios de texto, resolución de dilemas morais, plantexamento e resolución de problemas morais de actualidade,etc.

**3. Traballos especiais: individuais ou en grupo.**

En resumo, empregaranse os seguintes instrumentos:

- Probas escritas.
- Probas orais.
- Caderno de clase.
- Comentarios de pequenos textos.
- Comentarios de fragmentos de películas de arquivo.
- Observación.

O control das actitudes no desenvolvemento das actividades e a correción das mesmas son os instrumentos de avaliación continua.

O alumnado que perdeu a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua, así como aquel que obtivese un resultado negativo neste proceso, terá que presentarse a unha proba escrita a final de curso. Esta medirá a adquisición de datos, valores e conceptos básicos dos contidos mínimos fixados para o curso académico. A data na que se celebre a proba de recuperación será acordada no seu momento co alumnado.

Os alumnos que non recuperen unha ou máis avaliacións terán que presentarse en setembro. O exame de setembro será unha proba escrita con preguntas teóricas sobre os contidos mínimos establecidos.

## 6. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso levarase a cabo unha avaliación inicial para valorar o estado inicial do alumnado respecto a : capacidade de razoamento verbal e escrito, nivel conceptual, madurez mental e coñecementos básicos para a materia. Para realizar esta avaliación farase unha proba de lectura e escritura. É unha primeira toma de contacto cos alumnos do grupo e serve para detectar calquera tipo de problemas en canto se refire a coñecementos, actitudes,vocabulario,expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecementos acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes, a partir dela poderase:

- Identificar aos alumnos que necesiten un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar,etc).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos , situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En canto as valoracións que teñen como resultado a calificación numérica, indicar que se estima fundamental o traballo desenvolvido na aula, sendo complementario o que se fai na casa. As probas que se fagan sobre a materia impartida servirán para avaliar o nivel de comprensión do alumno, tentando sempre de incentivar e valorar o traballo na aula.

A avaliación do alumno/a realízase de xeito continuo no día a día ao longo do curso, medindo en cada etapa o seu nivel de enriquecemento conceptual, e a súa actitude na clase, reflexo do seu interese, esforzo, dedicación e implicación. A vantaxe con este sistema é o cerca que está o profesor do proceso de aprendizaxe do alumno/a e tamén se dará contestación actualizada cando un pai ou titor pida información.

En cada unha das tres avaliacións previstas pola administración preténdese, se é posible, a realización de polo menos unha ou dúas probas teóricas dalgunhas das unidades didácticas previstas que permitan reflectir o enriquecemento conceptual do alumno e a manifestación da súa autonomía e nivel de expresión persoal.

As probas realizadas durante o curso serán cualificadas cun código numérico convencional, con valoración de 1 a 10, situándose o aprobado no 5. En todo momento o alumnado coñecerá o resultado das probas efectuadas, así como as indicacións escritas que fagan entendibles os criterios de cualificación. Ditas probas unha vez correxidas, ensinaranse na clase aos alumnos, para resolver posibles aclaracións, reclamacións ou erros na nota que puidesen producirse, e posteriormente serán arquivadas ata final do curso.

Os exercicios e traballos prácticos realizados periodicamente polos alumnos e desenvolvidos a maior parte na clase, segundo as característas dos mesmos,serán cualificados cun código de notas. Todas as prácticas serán corrixidas periodicamente e cualificadas.

**Para calcular a nota tense en conta o seguinte criterio:**

Un **30%** do resultado son os obxectivos a cumprir coa realización dun **exame** (ou dous) correspondente aos temas desenvolvidos.

Un **50**% **práctica**, **traballos e exercicios presentados**. Terase en conta a entrega puntual dos traballos,a boa presentación dos mesmos, orde e a limpeza dos materiais, propios e comúns. Os traballos non entregados sen causa xustificada terán de nota un cero, en caso de entregar os mesmos fóra de prazo, sen causa xustificada, non levarán nota, daránse por entregados pero non levarán correccións.Así mesmo cando o alumno non entrega o 60% dos traballos, non pode obter cualificación positiva neste apartado.O **20%** da nota restante son as **habilidades, a actitude e o comportamento**. Fundamentais para adquirir os coñecementos.

## 8. ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

-Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que lle rodean.

-Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, p ara poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.

- Describir en que consiste a personalidade e expresar o seu significado , describindo as virtudes e os valores que fortalecen o carácter e axudan a actuar sobre a base da razón e da liberdade.

- Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano,para mellorar as súas habilidades emocionais.

- Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.
- Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman,entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade dende valores éticos recoñecidos.
- Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.
- Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersonais positivas, respectuosas e satisfactorias, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
- Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.
- Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano.
- Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade as normas éticas como medios que rexen a súa conducta.
- Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano , destacando a importancia de ser respectados.
- Coñecer o concepto de norma ética e a súa influenza na conducta do individuo e no plano persoal e social.
- Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conducta individual e social.
- Argumentar os valores e os principios éticos da DUDH como base das democracias.
- Coñecer o panorama actual repecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
- Analizar os problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH na actualidade, resaltando as iniciativas que realizan institucións e ONG para defender os dereitos humanos dos que non teñen a oportunidade de exercelos.

## 9. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Como profesor avaliarase os procesos de ensinanza- aprendizaxe e a nosa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo plasmados na programación. Comprobarase principalmente:

- O grado de asimilación dos contidos.
- A necesidade de aplicación de medidas de reforzo ou de recuperación.
- O axuste da temporalización aos distintos grupos e cursos.

Esta avaliación, terá un carácter continuo e tamén incluirá referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A relación entre profesor e alumnos.
- A convivencia entre alumnos.
- A adecuación das actividades complementarias e extraescolares.

O criterio principal para avaliar a programación e que se optimice a práctica diaria; por tanto a programación irá adaptándose as necesidades reales da aula ao longo do curso. Se fose necesario se proporán as modificacións que se consideren oportunas e que poidan redundar nunha mellora dos obxectivos pretendidos.

A programación avaliarase periódicamente e a valoración xeral de dita avaliación quedará reflexada na memoria de final de curso.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 1º E.S.O.**

**<u>UNIDADE 1</u>. SOMOS SERES HUMANOS**

**OBXECTIVOS**

- Adquirir un bo coñecemento de nosotros mesmos e responsabilizarnos do noso comportamento.

- Comprender os conceptos de identidade, autoconcepto e autoestima.
- Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social.
- Describir as características principais da persoa: substancia independente,racional e libre.
- Identificar o que é a dignidade humana e os dereitos humanos.
- Identificar os cambios que implica a adolescencia e as actitudes necesarias para afrontalos.
- Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros.
- Identificar en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno.
- Valorar a intelixencia emocional na construción moral do ente humano.
- Relacionar o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas.
- Construir a identidade propia consonte os valores éticos.

**CONTIDOS**

- A autonomía e a responsabilidade no desenvolvemento das persoas.
- Conceptos de iodentidade persoal, autoconcepto e autoestima.
- A empatía e o seu papel nas relacións humanas.
- A dignidade humana como cualidade esencial das persoas e factor de igualdade.
- A relación entre dignifade, Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos do Neno.
- Un exemplo da vulneración dos Dereitos Humanos e do Neno.
- Os dereitos e os deberes do alumnado.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.

- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 3**

**<u>UNIDADE 2.</u> COMPARTIMOS VALORES**

**OBXECTIVOS**

- Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano.
- Coñecer os valores de respecto, tolerancia e solidariedade e como estes valores facilitan a convivencia entre persoas e comunidades.
- Observar a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, a familia, a escola, os amigos, os medios de comunicación,etc.
- Identificar o respecto aos dereitos humanos como o límite da tolerancia.
- Coñecer os valores de xustiza, o diálogo e o repecto mutuo como factores da paz.
- Identificar os límites da liberdade persoal e social.
- Valorar o diálogo como ferramenta de resolución de conflictos.
- Orientar ao alumnado á participación activa na resolución dialogada de conflictos.
- Tomar conciencia da necesidade de afrontar os conflictos de manera constructiva e dialogada.
- Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.

**CONTIDOS**

- Os valores cívicos propios dunha sociedade democrática.
- O repecto, a tolerancia, a solidariedade, a xustiza, a cooperación e a paz.
- O diálogo e o respecto mutuo como instrumentos adecuados para as relacións pacíficas.
- Os problemas de convivencia e os conflictos na familia, as amistades, o colexio e a localidade.

- As características do comportamento acosador o bulling.
- Pautas adecuadas na resolución de conflictos.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.

- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 5**

**<u>UNIDADE 3.</u> VIDA MORAL E REFLEXIÓN ÉTICA NUN CONTEXTO DE PLURALISMMO MORAL.OS VALORES**

**OBXECTIVOS**

- Distinguir as diferenzas entre ética e moral.
- Comprender a relación co moral ten coa estructura e a experiencia da liberdade humana.
- Analizar e valorar a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, e a vontade.
- Aproximar ao alumnado as principais intuicións e categorías da ética.
- Dotar dunha idea axeitada do que é un valor moral.
- Descubrir a presencia ineludible dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía.
- Comprender a importancia dos valores éticos e a súa influencia na vida persoal e social dos ser humano.
- Diferenciar entre valores éticos e o resto dos valores.
- Concienciarse da importancia das normas éticas.
- Observar a ausencia de valores e normas éticas, como egoísmo, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.

**CONTIDOS**

- Moral e ética : aproximación experiencial e conceptos.
- Moral, inmoral, amoral.

- Haberes fundamentais da vida moral: liberdade, temperamento, talante, carácter, virtudes e actitudes.
- Intelixencia e vidad moral.
- Elementos orientadores da vida moral: valores e ideais.
- Realidad persoal e concepto de persoa.
- Proxecto vital e responsabilidade moral. Autoestima.
- Concepto de “deber moral”.
- Universalismo moral: xustiza e felicidade.
- O pluralismo: concepto e orixe histórica.
- O pluralismo como proxecto ético.

**PROCEDEMENTOS**

- Iniciar as regras procedimentais que permiten a conversión do grupo nunha comunidade de investigación.
- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Despertar o deseo de ser persoas autónomas que rechazan a manipulación e o adoctrinamento e que buscan actuar segundo as súas convicións propias.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Desenvolver as regras procedimentais que han de rexir un debate para que poda considerarse racional.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 4**

**<u>UNIDADE 4.</u> AUTONOMÍA E HETERONOMÍA MORAL**

**OBXECTIVOS**

- Entender con claridade que é autonomía e que é heteronomía moral, aprender a diferencialas e a utilizar os términos morais relacionados con tales nocións.
- Comprender o valor da razón no comportamento moral.
- Reflexionar sobre os factores que interveñen no xuizo moral e determinar cales son d e carácter autónomo e cales de carácter heterónomo.
- Analizar a complexa estructura da conciencia moral: autonomía-heteronomía, xustiza, compaisón-solidariedade e responsabilidade.
- Distinguir os distintos estadios de evolución no desenvolvemento da conciencia moral.
- Establecer a relevancia da libredade en relación coa autonomía e a responsabilidade moral.
- Aprender a relacionar autoridade e liberdade.
- Dotar dunha comprensión do que é unha norma. Distinguir as normas morais doutro tipo de normas.
- Aprender a buscar alternativas novas para os conflictos morais desenvolvendo a imaxinación moral.

**CONTIDOS**

- Conciencia moral.
- Autonomía e heteronomía moral.
- A responsabilidade moral.
- Racionalidade e sentimento na conciencia e o xuizo moral.
- Autonomía e universalidade non xuizo moral.
- Teorías sobre o desenvolvemento da conciencia moral.
- As normas morais.

**PROCEDEMENTOS**

- Buscar información na prensa onde se expresen conflictos de valores existenetes na nosa sociedade.
- Analizar algún documento ( literario, gráfico, audiovisual, etc.) no que se exprese de forma conflictiva a contraposición entre autonomía e heteronomía.
- Desenvolver algún dilema moral.
- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Espertar o interese e a preocupación ante os conflictos morais da nosa sociedade e tempo histórico.

- Elevar a autoconciencia sentimental e desenvolver os sentimentos morais.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 3**

**UNIDADE 5. OS DEREITOS HUMANOS**

**OBXECTIVOS**

- Comprender a importancia de recoñecer o concepto de dereitos humanos.
- Coñecer, comprender e valorar os dereitos recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Analizar conductas persoais e diferentes realiades sociais á luz dos valores que fundamentan as diversas declaracións internacionais dos dereitos.
- Valorar a importancia de especificar os dereitos dalgúns grupos vulnerables, como as mulleres e os nenos.
- Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos e apreciar as accións encamiñadas a súa desaparición.
- Rechazar a violencia machista e os abusos exercidos sobre os nenos.
- Distinguir as diferentes formas de violación dos dereitos humanos e rechazalas.
- Desenvolver un pensamento crítico e unha opinión documentada e razoada sobre os dereitos humanos.
- Ser conscente da importancia do valor da xustiza e de como praticala.
- Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos.

**CONTIDOS**

- Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamenton dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.
- Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.
- Dereitos da infancia.
- Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 7**

**<u>UNIDADE 6.</u> A DISCRIMINACIÓN SOCIAL E ECONÓMICA. DIFERENTES PERO IGUAIS**

**OBXECTIVOS**

- Recoñecer a diferencia entre sexo e xénero na distinción entre homes e mulleres.
- Coñecer e rechazar os estereotipos sobre homes e mulleres o seu papel na construción de discriminación e desigualdades e cómo dificultan unha concepción igualitaria.
- Observar como evolucionou a situación social da muller en diferentes épocas da historia.
- Analizar e interpretar a situación da muller traballadora.
- Asumir o reparto de tarefas no hogar como unha responsabilidade entre os seus membros.
- Recoñecer a doble xornada laboral que realizan todavía a maioría das mulleres.
- Identificar e rechazar o machismo como orixe da discriminación da muller.
- Recoñecer diferentes tipos de discriminación que sofren as mulleres na actualidade.
- Identificar a violencia de xénero como a peor consecuencia da discriminación da muller.
- Identificar os principais organismos que loitan por defender a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- Defender a igualdade entre homes e mulleres en situacións cotidianas do contorno.
- Descubrir ONG na que as mulleres xogan un papel fundamental.

**CONTIDOS**

- Os conceptos de “sexo”e “xénero” na distinción entre homes e mulleres.
- A situacion social da muller ao longo da historia. Avances historicos.
- A discriminación da muller.
- A muller e a educación.
- A imaxe da muller no cine e na televisión. Avances e retrocesos.
- A relación entre a linguaxe e os estereotipos.
- A muller e o traballo.
- Fóra do fogar: o reparto de tarefas.
- A violencia contra as mulleres: a violencia doméstica.
- A loita pola igualdade de dereitos entre as mulleres e os homes.
- Iniciativas e institucións a favor da igualdade entre homes e mulleres.
- O Dereito de igualdade na Constitución Española e os Dereitos Humanos.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 4**

**<u>UNIDADE 7.</u> A DIVERSIDADE NOS ENRIQUECE**

**OBXECTIVOS**

- Recoñecer a diversidade social, cultural, sexual e relisioxa como unha condición normal da nosa sociedade e valorala como un factor de enriquecemento persoal e comunitario.
- Afrontar os conflictos con responsabilidade, respecto e diálogo.
- Asumir a igualdade esencial de todos os seres humanos por riba das diferenzas.
- Identificar as acións positivas que favorecen a convivencia entre culturas diferentes.
- Coñecer e rechazar os obstáculos que sopoñen os prexuizos para a convivencia.

- Identificar diferentes tipos e causas de discriminación.
- Recoñecer como a marxinación é a causa da vulneración dor dereitos humanos fundamentais.
- Valorar as iniciativas institucionais e non guvernamentais na loita contra a discriminación.

**CONTIDOS**

- A diversidade social, cultural, sexual e relisioxa.
- Conductas que favorecen a convivencia.
- Os prexuizos.
- Marxinación social, marxinación económica e inxustiza social.
- Diferentes tipos de discriminación:por razón de sexo, de etnia, de orientación sexual, de idade, de opción reliosioxa e de clase.
- Actitudes que favorecen a interculturalidade.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 3**

**<u>UNIDADE 8.</u> CARA UN MUNDO MELLOR**

**OBXECTIVOS**

- Coñecer a orixe, os obxectivos e o funcionamento da ONU como organismo guardián da praza.

- Recoñecer o papel da ONU como un organismo orientado cara o desenvolvemento e o bienestar económico e social.
- Reflexionar sobre o papel que desempeñan as organizascións non guvernamentais (ONG) e coñecer os seus ámbitos de acción.
- Valorar a importancia de desenvolver accións individuais e colectivas para aportar na construción dun mundo mellor.
- Ser consciente do que significa o valor da solidariedade e de como exercer unha actitude solidaria cos demáis.
- Valorar a importancia do voluntariado para a construción dun mundo mellor.

**CONTIDOS**

- Organismos para a paz: a organización das Nacións Unidas (ONU). Orixe e funcións.
- Outros organismos como guardians da paz. A OTAN e a UE.
- A participación das Forzas Armadas en misións de paz.
- Organismos para o bienestar xeral. Os programas para o desenvolvemento da ONU.
- As organizacións non guvernamentais (ONG). ámbitos de acción.
- Valores cidadás: a solidariedade.
- O voluntariado.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 4**

**UNIDADE 9. CONVIVIR EN PAZ**

**OBXECTIVOS**

- Coñecer as normas básicas da boa educación e valoralas coomo factores que facilitan a convivencia entre as persoas.
- Aprender a respectar os lugares comúns como esixencia da boa convivencia.
- Coñecer os conceptos de norma, lei e código.
- Recoñecer as diferenzas e utilidade dos códigos civil, penal e de circulación.
- Coñecer e valorar a Costitución como lei fundamental e garantía de convivencia da cidadanía.
- Coñecer os principios fundamentais da Constitución española de 1978.
- Identificar as principais institucións do Estado democrático.

**CONTIDOS**

- A convivencia na nosa sociedade.
- As regras ou normas de boa educación.
- O cidadá e os espazos comúns.
- As normas e leis que regulan a nosa convivencia.
- A Constitución Española: principios fundamentais.
- As principais institucións do estado: Cortes Xerais, Governo, Tribunais de Xustiza, Xefatura do Estado.
- Actitudes que favorecen a convivencia.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora e exposición oral.
- Utilización de ferramentas de búsqueda e análise da información.
- Uso das ferramentas de debate, o diálogo argumentativo e a explicación para comunicar as propias ideas de manera coherente e crítica.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Participación activa en debates e diálogos sobre aspectos relevantes do mundo actual, aportando ideas, iniciativas, reflexiones, experiencias e preguntas.
- Respecto polas intervencións dos compañeiros en debates o diálogos aínda non se compartan as súas opinións.

**SESIÓNS 3**

# VALORES ÉTICOS 3º E.S.O.

## 1. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Para poder levar a cabo á práctica a programación didáctica se comeza por estructurar e organizar os contidos conceptuais en **catro bloques temáticos**, con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente, dos **seis bloques do currículo da materia da E.S.O.**

As diferenzas entre os bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo de 1º E.S.O. os alumnos e as alumnas traballen o referido á personalidade e a súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política.

**Bloque 1. A dignidade dapersoa.**

**Bloque 2. A comprensión, o repecto e a igualdade nas relacións interpersoais.**

**Bloque 3. A reflexión ética.**

**Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.**

Deste xeito, procurase que o **primeiro bloque** abarque a **primeira avaliación.**

Na **segunda avaliación** os alumnos traballaran o **segundo bloque**, consolidando e ampliando os seus coñecementos, profundando dun xeito máis específico nos contidos. Preténdese que os alumnos coñezan os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación que se establece entre este e a sociedade. Que valoren a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa. Que distingan na persoa os ámbitos da vida privada e pública, identificando os límites da liberdade persoal e social. Que utilicen a conducta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e que xustifiquen a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas,respectuosas e satisfactorias.

E na **terceira avaliación** os alumnos traballarán os contidos relacionados co **terceiro** e co **quinto bloque**, preténdese que os alumnos distingan entre ética e moral, que recoñezan que a liberdade constitúe a raíz da estructura moral na persoa e que aprecien o papel que xoga a intelixencia e a vontade. Tamén que xustifiquen e aprecien o papel dos valores éticos na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, e que tomen conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social.

Finalmente, nesta avaliación trataránse temas relacionados cos dereitos humanos e máis concretamente cos da muller e da infancia en grande parte do mundo. Tamén se falará e traballará con organizacións que traballan polo cumprimento dos dereitos humanos, ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros.

**2. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 4. A xustiza e a política | | | |
| a<br>c<br>d<br>h<br>l | B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.<br>B4.2. O Estado de dereito.<br>B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.<br>B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía. | B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes". | VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH. | CSC |
| | | | VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática. | CCL |
| | | | VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, | CCL |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. | |
| | | | VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder lexislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado. | CSC |
| a<br>d<br>g<br>h | B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.<br>B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos. | B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos. | VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado. | CSC |
| | | | VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagoxia, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos. | CSC<br>CSIEE |
| a<br>b<br>c<br>d<br>h | B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que | B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os | VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución | CCL<br>CSC |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| l | establece. | conceptos preliminares que establece. | española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo. | |
| | | | VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9. | CCL |
| a<br>c<br>d<br>h | B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española. | B4.4. Amosar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español. | VEB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites. | CSC |
| a<br>b<br>c<br>d<br>g<br>h | B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH.<br>B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española.<br>B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política | B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e | VEB4.5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica. | CSC |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | social e económica na Constitución española. | económica" (artigos do 39 ao 52). | VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordénaos segundo a súa importancia, xustificando a orde elixida. | CCL<br>CSIEE |
| | | | VEB4.5.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético. | CSC |
| | | | VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e da cidadás, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común. | CSC |
| a<br>b<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II. | B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II. | VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar. | CAA<br>CSC |
| | | | VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego". | CCL |
| | | | VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da | CCL |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II. | |
| a<br>d<br>h<br>l | B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH.<br>B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás. | B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta. | VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH. | CSC |
| | | | VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.). | CSC |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | | | |
| a<br>b<br>e<br>h | B5.1. Relación entre ética e dereito.<br>B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade. | B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade. | VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas. | CAA<br>CD |
| a<br>b<br>e | B5.3. Xustificación das normas xurídicas.<br>B5.4. Convencionalismo | B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a | VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a | CD<br>CSC |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| g<br>h<br>l | dos sofistas<br>B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke.<br>B5.6. Iuspositivismo de Kelsen. | través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis. | teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado. | |
| | | | VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema. | CCEC |
| | | | VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito. | CCEC |
| | | | VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións. | CAA<br>CD<br>CSIEE |
| a<br>b<br>d<br>e<br>h | B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e | B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade | VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade | CSC |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| l | papel da DUDH como código ético de conduta dos estados. | de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados. | de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo. | |
| | | | VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao estremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de todas as persoas que non pertencesen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc. | CAA |
| | | | VEB5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade. | CCEC |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h<br>l | B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito. | B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecela e propiciar o seu aprecio e respecto. | VEB5.4.1.Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira:<br>Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación.<br>Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais. | CAA<br>CCL |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.<br>Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas.<br>Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.<br>Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites. | |
| | | | VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social. | CCEC<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>h<br>l | B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento. | B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade | VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz). | CCEC |
| a<br>c<br>d<br>e | B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH. | B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH. | VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se | CAA<br>CD<br>CSC |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.). | |
| | Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía | | | |
| a<br>b<br>d<br>e<br>f<br>g<br>h | B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos. | B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH. | VEB6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colaboración, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas. | CAA<br>CD<br>CMCCT<br>CSC |
| | | | VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións. | CCL<br>CMCCT |
| | | | VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da | CCL<br>CMCCT<br>CSIEE |

| | Valores éticos. 3º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.). | |

## 3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, INCLUINDO AS ESTRATEXIAS A DESENVOLVER PARA ACADAR OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, ASÍ COMO A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Apostase por un deseño curricular aberto e flexible que permita adaptacións en función das características persoais, sociais e culturais.

Para o desenvolvemento da programación é necesaria una **metodoloxía activa**, con actividades ***abertas*** (que no esixen unha resposta única), ***variadas*** (có fin de evitar a monotonía), ***motivadoras*** (que estimulen aos alumnos), ***diversas*** (que podan presentar distintos grados de dificultade) e ***significativas*** (que aporten unha nova aprendizaxe).

A metodoloxía didáctica que se vai a aplicar é:

- Explicación teórica do tema.
- Visionado audiovisual de imaxes relacionados co mesmo.
- Cuestionarios e análise de exercicios.
- Traballo en equipo.

Os alumnos deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo. A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a

súa conducta e as súas relacións sociais cara o benestar común. Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado log re maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estructuras cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade.

Empregaranse unha serie de actividades de diferentes tipos para axudar a desenvolver as capacidades dos alumnos, ao mesmo tempo que serven de apoio para afianzar os coñecementos propios de cada unidade didáctica.

As actividades deben proporcionar aos alumnos a oportunidade de progresar con certa autonom ía, de xeito que podan aplicar os coñecementos adquiridos a situacións reais.

Do mesmo xeito, as actividades deben constituir a resposta aos contidos de modo que estes podan interpretarse e reflectirse en distintos niveis.

A nosa orientación didáctica basearáse na COMUNICACIÓN , así a ensinanza realizaráse de forma activa. Por elo, o diálogo, o debate e a confrontación de ideas e hipótesis constituirán os eixes de cualquier plantexamento metodolóxico aberto, activo e personalizado. Así intentarán evitarse, no posible, as tradicionais clases maxistrais, basadas na mera explicación, e plantexar a figura do profesor como axente motivador e orientador. O profesor guiará ao alumno e lle proporcionará as estratexias necesarias para que cada alumno configure o seu propio coñecemento. Hai que ter en conta que a aprendizaxe non debe basearse en métodos memorísticos ou repetitivos, sino de manera significativa, todo o cal lpodemolo concretar en diversos principios didácticos.

Podemos sinalar os seguintes:

· Visión descriptiva e narrativa da materia.

· Cultivar a curiosidade e o gusto polo pensamento e os dilemas éticos.

· Importancia de proporcionar ao alumnado unha cultura básica xeral.

· Preocupación pola educación en valores, pola formación de ciudadáns responsables.

· Importancia de cultivar nos alumnos ó principio da súa personalidade e madurez.

· Flexibilidade do material.

Así, tendo en conta estes principios, desenvolveránse numerosas actividades, que han de adaptarse ó nivel cognitivo do noso alumnado.

O principio de curso comprobaráse o punto inicial de partida de cada alumno, realizaráse unha avaluación previa. Ao final de cada trimestre faráse outra e o final de curso outra para valorar a consecución dos obxectivos xerais do curso.

A metodoloxía alternará estratexias expositivas e de indagación. Dado o carácter desta materia a metodoloxía será eminentemente práctica. Traballarase polo tanto a investigación: busca de datos na biblioteca, mediante enquisas e entrevistas, a través de internet... o diálogo e a capacidade de argumentación: debates, charlas, presentación na clase do traballo feito en equipos. A proxección de películas como elemento ilustrativo dos contidos é motivador.

Estas estratexias e actividades materializaranse en técnicas como:

- Os diálogos.
- Os conflictos cognitivos.
- Os dilemas morais.
- Os cuestionarios escritos.
- Os cuestionarios orais.
- Comentarios de distintos tipos de texto (orais, escritos ou audiovisuais).
- A exposición oral.
- O debate.
- O coloquio.
- A entrevista colectiva.
- Os mapas de contido.
- A investigación bibliográfica.
- Os traballos de investigación.

Estas actividades pódense clasificar en:

1. **Actividade introductoria**: nela explícase en qué consisten os contidos da unidade didáctica, e cómo se van desenvolver.
2. **Actividade de coñecementos previos**: emprégase para determinar o grao

de coñecementos previos dos alumnos acerca dos contidos da unidade didáctica.

3. **Actividade motivadora**: desenvólvese de xeito que sirva de estímulos aos alumnos.

4. **Actividade de desenvolvemento de conceptos** : consiste na exposición do tema por parte do profesor.

5. **Actividade de exercicios**: nela, son os alumnos os que traballan.

6**. Actividades de ampliación e reforzo**: a súa función é atender á diversidade.

7. **Actividade de síntese**: serve para concretar ou resumir os contidos básicos da unidade didáctica.
8. **Actividade de vocabulario**: emprégase para atender os obxectivos xerais da

etapa, ao mesmo tempo que cubre a necesidade lingüística dos alumnos, desenvolvendo a súa capacidade de expresión e comprensión de termos específicos da materia.
9. **Actividade de avaliación**: serve para determinar o grao de consecución dos obxectivos.

Para o desenvolvemento da materia dentro da aula tentarase guiar aos alumnos no seu tra ballo, tendo especial atención ás motivacións persoais e á natureza de cada individuo. Tentarase dar a maior flexibilidade no xeito de expresión de cada un, así como ser estricto nos exercicios nos que se apliquen conceptos teóricos explicados na aula, deste xeito intentarase transmitir aos alumnos os conceptos de liberdade de expresión ó mesmo tempo que o rigor no emprego das técnicas, deixando sempre unha marxe aberta á experimentación.

Traballarase individualmente e en grupos, de xeito que o alumno aprenda a desenvolver a súa personalidade e adaptarse ao grupo, desenvolvendo a conciencia colectiva e a solidariedade e respecto aos compañeiros.

Estableceranse normas para cada traballo e normas de comportamento en xeral dentro da aula, cos compañeiros e de coidado do material.

Se realmente quérese conseguir a construción de aprendizaxes significativas, partirase sempre dos coñecementos do alumno, pois está demostrado que a capacidade de comprensión non depende tanto da cantidade de información que se recibe, como da estruturación dos coñecementos.

O tratamento dos contidos que se propoñen nesta programación, penso que adáptase perfectamente á capacidade cognoscitiva do alumnado, á súa experiencia e realidade, de tal maneira que lles resultan totalmente alcanzables. Provocando o esforzo do alumno e estimulando unha aprendizaxe motivada e orixinal; establecendo unha progresión na complexidade dos novos contidos, aplicando graos que tenderán á adquisición dos coñecementos. Para cumprir os obxectivos propostos atenderáse os seguintes criterios:

- **Criterio de dificultade**: Organizando os contidos de xeito que se comece por os de carácter máis concreto e, por ter carácter básico, preparen para entender os máis abstractos e esixan unha maior capacidade de comprensión espacial.

- **Criterio de interese**: Debe conectar cos intereses e necesidades dos alumnos, proporcionándolles de forma clara e atractiva a finalidade e utilidade das aprendizaxes.
- **Criterio de organización cíclica**: Os temas máis complexos estúdanse seguindo unha graduación no nivel de dificultade de forma que nos cursos máis baixos se tratan en forma de iniciación e chégase a unha especialización nos derradeiros cursos de esta etapa.
- **Criterio de operatividade**: Queda reflexado en torno o "saber ver"e"saber facer".

A programación de aula e de cada unha das unidades didácticas, baséanse nos seguintes principios que sintetizanse e concretanse da seguinte forma:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.

- Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias clave e específicas por medio do traballo das materias.

- Dáselle prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa **aprendizaxe mecánica**.

- Propícianse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos de modo que o alumno poda comprobar o **interese** e a **utilidade** do aprendido.

- Foméntanse a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu de modo que o alumno poda analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender de forma autónoma**.

Proponse unha combinación de ensinanzas verbais e obxectivas, coa axuda de medios audiovisuais, así como de esquemas, debuxos, reproducións, que faciliten a comprensión e introduzan variacións na estimulación.

Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumno e o esforzo que este realice para poñelos en práctica. O proceso da avaliación segue o proceso de aprendizaxe do día a día: parte do primeiro día de clase ata chegar ao último e será actualizado en cada momento segundo as novas capacidades e actitudes que ten o alumno/a.

-Autoavaliación: procurarase que o alumno/a realice a súa propia avaliación interna, tomando unha actitude crítica e construtiva co seu traballo que lle axude a atopar un modo persoal de expresión e fomentando a coavaliación de profesor/a e alumno/a.

Así mesmo, sométese a unha avaliación interna a propia estrutura e funcionamento da programación didáctica, determinando con iso os graos de axuste, atendendo ao servizo dunha metodoloxía diferenciada en función do alumno/a.

Informarasen aos alumnos ao principio do curso dos contidos da programación e da forma en que serán avaliados e cualificados: A principios de curso, a profesora informará aos alumnos/as acerca dos contidos da programación verbalmente ou por escrito.

Preténdese:

Que a  miña actividade como profesora será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.

Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

Orientar a miña acción a estimular no alumno o desenvolvemento de competencias clave.

Promover a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.

Buscar formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.

Impulsar un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á miña actualización pedagóxica, que proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno no mesmo a través da autoavaliación e a coavaliación.

Fomentar o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Todo o material necesario para acadar os obxectivos do curso pedirase ao comezo do curso e nas primeiras clases.

## 4. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS CLAVE

A avaliación é o aspecto máis complexo do proceso ensinanza aprendizaxe. Dada a complexidade do proceso avaliador,en todas as unidades didácticas utilizaranse distintas técnicas e instrumentos de avaliación. que proporcionarán unha información completa de todos e cada un dos alumnos, así permitirá coñecer si se conseguiron ou non os obxectivos.

O sistema de avaliación é continua, baseada na observación diaria dos contidos a na adquisición e desenvolvemento das competencias clave. A avaliación dos alumnos atende ao conxunto de obxectivos establecidos nas unidades didácticas que se desenvolven na programación. O alumnado coñece dende o principio de curso o sistema de avaliación, que se basea na realización de exercicios, traballos individuais, traballos colectivos, propostas prácticas  e exames. Así mesmo teñen un peso importante na cualificación:

- o repecto ás normas de convivencia.
- o repecto aos profesores e aos compañeiros.
- a entrega dos traballos prácticos, axuntándose ás condicións mínimas que se lles indican.
- o coidado do material e o mantemento da orde e da limpeza no seu lugar de traballo.
- o traballo individual e en equipo.
- o traballo cumprindo as normas de hixiene e seguridade.
- a selección, organización e utilización do material adecuado para o desenvolvemento dos seus traballos.
- a presentación dos traballos con limpeza, orde e pulcritude.

- ser capaz de traballar autonomamente, sen necesidade de instrucións concretas e constantes.

O valor da reflexión ética que ofrece a materia Valores Éticos debe centrarse en dotar aos alumnos e alumnas dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuizos valorativos teñen o rigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren co fin de que as súas eleccións sexan dignas de guiar a súa conduta, a súa vida persoal e as súas relacións sociais. O currículo básico se estructura en torno a tres eixes:

- En primeiro lugar, pretende cumprir co mandato da Constitución española, que fixa como obxecto da educación o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos

principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais, que deben

interpretarse segundo o establecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos acordos internacionais ratificados por España co fin promover a súa difusión e desenvolvemento, garantindo o seu cumprimento por toda a humanidade.

En segundo lugar, contribúe a potenciar a autonomía do novo e a preparalo para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento, aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos e o investimento do seu propio esforzo, un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control achega da súa propia existencia.

- Finalmente, contribúe a favorecer a construción dunha sociedade libre, igualitaria, próspera e xusta, mediante a participación activa de cidadáns conscientes e respetuosos dosvaloreséticos nos que debe fundamentarse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como referencia universal para superar os conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social. Valores Éticos contribúe á consecución das COMPETENCIAS CLAVE.

En primeiro término, contribúe a desenvolver as competencias relativas ao pensamento crítico e a resolución de problemas, dende o momento en que incide na necesidade de analizar, suscitar, argumentar e dar solucións fundamentadas aos problemas éticos, sendo precisamente este o eixe sobre o que vira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, posto que todo require unha demostración racional. A competencia social e cívica, a de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborativo, increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e tómase conciencia da importancia dos seus valores culturais. Ademais, a solución de conflitos interpersonais de forma non violenta promove no alumnado o interese por desenvolver actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza. A competencia de aprender a aprender se promove mediante o exercicio dos procesos cognitivos que se realizan no desenvolvemento do currículo básico, tales como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, evaluar, argumentar, etc. e favorecendo nos alumnos e alumnas o gusto e a satisfación que produce o descubrimento da verdade. Doutra banda, a presentación de dilemas éticos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, porque esixe exercitarse en escoitar, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, utilizando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

## 5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso levarase a cabo unha avaliación inicial para valorar o estado inicial do alumnado respecto a : capacidade de razoamento verbal e escrito, nivel conceptual, madurez mental e coñecementos básicos para a materia. Para realizar esta avaliación farase unha proba de lectura e escritura. É unha primeira toma de contacto cos alumnos do grupo e serve para detectar calquera tipo de problemas en canto se refire a coñecementos, actitudes,vocabulario,expresión, etc.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecementos acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes, a partir dela poderase:

- Identificar aos alumnos que necesiten un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar,etc).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

## 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En canto as valoracións que teñen como resultado a calificación numérica, indicar que se estima fundamental o traballo desenvolvido na aula, sendo complementario o que se fai na casa. As probas que se fagan sobre a materia impartida servirán para avaliar o nivel de comprensión do alumno, tentando sempre de incentivar e valorar o traballo na aula.

A avaliación do alumno/a realízase de xeito continuo no día a día ao longo do curso, medindo en cada etapa o seu nivel de enriquecemento conceptual, e a súa actitude na clase, reflexo do seu interese, esforzo, dedicación e implicación. A vantaxe con este sistema é o cerca que está o profesor do proceso de aprendizaxe do alumno/a e tamén se dará contestación actualizada cando un pai ou titor pida información.

En cada unha das tres avaliacións previstas pola administración preténdese, se é posible, a realización de polo menos unha ou dúas probas teóricas dalgunhas das unidades didácticas previstas que permitan reflectir o enriquecemento conceptual do alumno e a manifestación da súa autonomía e nivel de expresión persoal.

As probas realizadas durante o curso serán cualificadas cun código numér ico convencional, con valoración de 1 a 10, situándose o aprobado no 5. En todo momento o alumnado coñecerá o resultado das probas efectuadas, así como as indicacións escritas que fagan entendibles os criterios de cualificación. Ditas probas unha vez correxidas, ensinaranse na clase aos

alumnos, para resolver posibles aclaracións, reclamacións ou erros na nota que puidesen producirse, e posteriormente serán arquivadas ata final do curso.

Os exercicios e traballos prácticos realizados periodicamente polos alumnos e desenvolvidos a maior parte na clase, segundo as característas dos mesmos,serán cualificados cun código de notas. Todas as prácticas serán corrixidas periodicamente e cualificadas.

**Para calcular a nota tense en conta o seguinte criterio:**

Un 4**0%** do resultado son os obxectivos a cumprir coa realización do traballo desenvolvido na clase correspondente aos temas desenvolvidos.

Un **40**% **traballos e exercicios presentados que faran na casa e ou en grupo fora da aula**. Terase en conta a entrega puntual dos traballos,a boa presentación dos mesmos, orde e a limpeza dos materiais, propios e comúns. Os traballos non entregados sen causa xustificada terán de nota un cero, en caso de entregar os mesmos fóra de prazo, sen causa xustificada, non levarán nota, daránse por entregados pero non levarán correccións.Así mesmo cando o alumno non entrega o 60% dos traballos, non pode obter cualificación positiva neste apartado.

O **20%** da nota restante son as **a actitude, respeto e o comportamento**.

## 7. ESPECIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Argumentar os valores e os principios éticos da DUDH como base das democracias dos séculos XX e XXI.
- Sinalar a importancia da participación cidadá nos aspectos políticos do Estado para asegurar unha democracia que defenda os dereitos humanos.
- Recoñecer e respectar os fundamentos da Constitución española de 1978, resaltando os valores nos que se asenta e os deberes e os dereitos que ten o individuo para asumir os principios de convivencia recoñecidos polo Estado español.
- Realizar unha lectura comprensiva dalgúns artigos da Constitución española relativos aos dereitos e aos deberes cidadáns,e aos seus principios rectores.
- Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto autonomía de Galicia.Capítulo I e II.
- Comprender os aspectos principais da UE para valorar a súa utilidade e as cousas que se están conseguindo.
- Coñecer as semellanzas e as diferenzas entre ética, o dereito e a xustiza para entender o significado dos términos legalidade e lexitimidade.
- Describir as consecuencias derivadas da xustificación das normas xurídicas, a través da reflexión sobre diversas teorías, para poder opinar de forma razoada sobre a base ética das leis.
- Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración das DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.
- Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade como base de todos os dereitos humanos.
- Aplicar os valores éticos da DUDH ao campo tecnolóxico e científico para establecer límites éticos e xurídicos que orienten a actividade adecuadamente.

- Entender os problemas que a dependencia da tecnoloxía provoca ao ser humano.
- Identificar pautas e investigacións científicas que non respecten o código ético fundamentado na DUDH.

## 8. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Como profesor avaliarase os procesos de ensinanza- aprendizaxe e a nosa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo plasmados na programación. Comprobarase principalmente:

- O grado de asimilación dos contidos.
- A necesidade de aplicación de medidas de reforzo ou de recuperación.
- O axuste da temporalización aos distintos grupos e cursos.

Esta avaliación, terá un carácter continuo e tamén incluirá referencias a aspectos tales como:

- A organización da aula.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- A relación entre profesor e alumnos.
- A convivencia entre alumnos.
- A adecuación das actividades complementarias e extraescolares.

O criterio principal para avaliar a programación e que se optimice a práctica diaria; por tanto a programación irá adaptándose as necesidades reales da aula ao longo do curso. Se fose necesario se proporán as modificacións que se consideren oportunas e que poidan redundar nunha mellora dos obxectivos pretendidos.

A programación avaliarase periódicamente e a valoración xeral de dita avaliación quedará reflexada na memoria de final de curso.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 3º E.S.O.

## <u>UNIDADE 1.</u> VIVIR EN DEMOCRACIA

### OBXECTIVOS

- Coñecer e apreciar os principios que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento do estado español.
- Recoñecer os beneficios de vivir nunha sociedade democrática.
- Identificar a división de poderes que marca a Constitución española.
- Definir o concepto de Estado de dereito e establecer a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.
- Coñecer o significado de democracia,cidadán, soberanía, autonomía persoal, igualdade, e xustiza.
- Coñecer, asumir e valorar positivamente os dereitos e obrigacións que se derivan da Constitución española de 1978 e identificar os valores éticos que a fundame ntan como norma de convivencia de todos os españois.
- Identificar a pluralidade de nacionalidades e rexións que compoñen o Estado español e o funcionamento do estado das autonomías.
- Coñecer a división territorial do estado en Autonomias e o dereito dos seus estatutos de autonomía.
- Identificar os fundamentos das sociedades democráticas e aprender a obrar de acordo con eles.
- Recoñecer a importancia da responsabilidade fiscal e o compromiso social como modos de garantir o ben común e o desenvolvemento dunha sociedade.
- Valorar positivamente a participación na vida social e política do noso contorno.
- Apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos dereitos e deberes dos cidadáns (artigos 30 ao 38).

**CONTIDOS**

- A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.
- Funcionamento dos estados democráticos.
- O sistema político de España.
- O Estado de dereito.
- Democracia: cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade,xustiza.
- División de poderes.
- Valores cidadáns: o compromiso e a participación.
- Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.
- Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Interpretación de táboas de datos e gráficos.
- Observación, análise e comentario de imaxes, gráficos e táboas.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.

**SESIÓNS 3**

## UNIDADE 2. LEXITIMIDADE E ORDEN POLÍTICO. A COMUNIDADE INTERNACIONAL

**OBXECTIVOS**

- Identificar o papel e a función da autoridade na sociedade.
- Comprender a natureza das leis no contexto das sociedades democráticas.
- Distinguir entre orden xurídico e moral.
- Definir o concepto de Dereito.
- Distinguir entre legalidade e lexitimidade.
- Coñecer as relacións entre autoridade, liberdade e responsabilidade.
- Caracterizar distintas formas de organización do poder social e político.
- Identificar as bases éticas do Estado de dereito.
- Establecer os requisitos e funcionamento do estado democrático. Distinguir entre diferentes conceptos ou modelos de democracia.
- Reflexionar sobre as posibilidades e as responsabilidades da liberdade persoal nas sociedades democráticas.
- Definir o concepto de "Dereito Internacional".

**CONTIDOS**

- Semellanzas e diferencias entre as normas que regulan a convivencia: norma social, norma xurídica e norma moral.
- Concepto de Dereito. O sistema xurídico.
- Legalidade e lexitimidade.

- O estado democrático como fonte de lexitimidade.
- Requisitos dun estado democrático.
- Modelos de democracia.
- O Dereito Internacional.
- Principais organismos internacionais: ONU e a Unión Europea.
- As ONG e o voluntariado internacional.

**PROCEDEMENTOS**

- Partindo da propia experiencia analizar os conflictos e a orde social diferenciando as distintas normas que regulan a convivencia.
- Delimitar o ámbito do moral,da lexitimidade e da legalidade mediante xogos didácticos que simulen a determinación de leis.
- Obtención de información sobre a estructura e funcionamento das institucións políticas e das súas relacións coas leis.
- Identificar a referencia moral que constitúe a base que otorga lexitimidade ás institucións sociais e políticas.
- Valorar a función do Dereito e das leis na orde á consecución dunha sociedade máis xusta.
- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Reflexionar en grupo sobre a importancia do compromiso social e a participación cidadá no proceso de toma de decisións que nos afecta directamente, e identificar as institucións ou organismos creados para canalizala.

**SESIÓNS 4**

**<u>UNIDADE 3.</u> ESTATUTO DE AUTONOMÍA**

**OBXECTIVOS**

- Coñecer o valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.

- Valorar as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da
  Xunta e a súa Presidencia, capítulo II.
- Coñecer as características e as funcións do Parlamento.
- Coñecer os elementos esenciais da UE, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH.
- Identificar os logros alcanzados pola UE.

**CONTIDOS**

- Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar, título primeiro, capítulos I e II.
- Desenvolvemento histórico da Unión Europea; obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH.
- Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.

**SESIÓNS 4**

**<u>UNIDADE 4.</u> OS DEREITOS HUMANOS**

**OBXECTIVOS**

- Comprender a importancia de recoñecer o concepto de dereitos humanos.
- Coñecer, comprender e valorar os dereitos recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Comprender o desenvolvemento histórico dos deretitos humanos como unha conquista da humanidade.

- Analizar e comentar a Declaración universal dos Dereitos Humanos. Comprender a súa importancia como construción histórica, moral e xurídica, na que se define a propia comprensión co home ten da súa humanidade e da dignidade que lle corresponde.
- Ser consciente da importancia que teñen os Dereitos Humanos para os proxectos da convivencia pacífica e xusta entre todos os pobos do mundo.
- Sensibilizar ao alumnado para que adquira un compromiso persoal e activo na defensa dos dereitos humanos nos distintos campos da actividade humana.
- Investigar as situacións de violación e de respecto dos dereitos humanos no mundo contemporáneo.
- Informarse dos organismos nacionais e internacionais encargados da tutela dos mesmos.
- Analizar conductas persoais e diferentes realiades sociais á luz dos valores que fundamentan as diversas declaracións internacionais dos dereitos.
- Coñecer a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza.
- Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.
- Coñecer os obxectivos da creación da ONU.
- Valorar a importancia de especificar os dereitos dalgúns grupos vulnerables, como as mulleres e os nenos.
- Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos e apreciar as accións encamiñadas a súa desaparición.
- Rechazar a violencia machista e os abusos exercidos sobre os nenos.
- Distinguir as diferentes formas de violación dos dereitos humanos e rechazalas.
- Desenvolver un pensamento crítico e unha opinión documentada e razoada sobre os dereitos humanos.
- Ser conscente da importancia do valor da xustiza e de como praticala.
- Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos.

**CONTIDOS**

- Relación entre ética e dereito.
- Relación entre legalidade e lexitimidade.
- Xustificación das normas xurídicas.
- Concepto de Dereitos Humanos.
- Elaboración da DUDH e creación da ONU.
- Estructura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.
- Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.

Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.

- Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.
- Dereitos da infancia.
- Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG.

**PROCEDEMENTOS**

- Analizar breves textos filosóficos, xurídicos, históricos e literarios nos que se plantexan, desenvolvan e propongan temas referidos aos dereitos humanos.

- Recoller e analizar na prensa diaria e nos medios de comunicación información na que se destaque a situación actual dos dereitos humanos.
- Realizar un mural que poña de manifesto as violacións dos dereitos humanos.
- Debatir de xeito racional os mínimos de xustiza que deberían ser respectados por todos os homes.
- Dramatizar os prexuizos e esteriotipos machistas.

**SESIÓNS 5**

**UNIDADE 5. O MEU DOSIER CÍVICO**

**OBXECTIVOS**

- Valorar a importancia da aplicación dos dereitos humanos para a convivencia nunha sociedade onde teña cabida a diversidade sen ningún tipo de discriminación.

- Valorar a importancia da participación na vida política ou outras formas de participación cidadá como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
- Desenvolver a iniciativa persoal asumindo responsabilidades e praticar formas de convivencia e participación baseadas no respecto e a cooperación.
- Identificar a pluralidade das sociedades actuais e recoñecer a diversidade como enriquecedora da convivencia.
- Tomar decisións con intelixencia ética.
- Coñecer as causas que provocan a pobreza e a desigualdade.
- Manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
- Valorar a participación activa e a manifestación de comportamentos solidarios como medio para lograr un mundo máis xusto, e a importancia dalgunhas formas de participación cidadá, como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.

**CONTIDOS**

- A capacidade para recoñecer a beleza no cotián.
- A aplicación dos Dereitos Humanos en situacións distintas.
- O proceso de toma de decisións.
- As decisións importantes que marcan o rumbo da vida.
- Xeitos de actuar fronte a un problema.
- A resolución dun problema concreto.

- Coñecemento do labor das ONG.
- Valores como: a empatía, o respecto, a liberdade, a tolerancia, a solidariedade, o compromiso.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Analizar temas de actualidade desde un punto de vista crítico, repectando as diversas opinións.
- Analizar os nosos prexuizos e actitudes despectivas cara a grupos, persoas e formas de pensar diferentes.

**SESIÓNS 4**

**<u>UNIDADE 6.</u> UNHA SOCIEDADE PLURAL**

**OBXECTIVOS**

- Aprender a observar a diversidade que nos rodea.
- Recoñecer que todas as persoas somos seres únicos.
- Ver na diversidade unha fonte de riqueza cultural.
- Coñecer os factores que producen as diferenzas culturais.
- Desenvolver estratexias para resolver os conflictos culturais.
- Evitar prexuizos e estereotipos.
- Entender o dereito de igualdade de todos os seres humanos.
- Concienciarse da importancia dos dereitos das minorías.
- Fomentar unha análise crítica dos prexuizos, a islamofobia, o racismo, a homofobia e a xenofobia.
- Aprender a importancia de construír un modelo de sociedade intercultural.

**CONTIDOS**

    - Sociedade plural: a diversidade.
    - Desenvolvemento dunha sociedade intercultural.
    - Os conflictos e prexuizos nas sociedades plurais.
    - Xenofobia, islamofobia e homofobia.
- As minorías culturais.

- Consecuencias do odio ao diferente: genocidio e holocausto.
- Os dereitos humanos e as leis españolas en materia de inmigración, movilidade. O dereito de igualdade.
- ONG en defensa dos dereitos das minorías.
- Liberdade e igualdade de todos os seres humanos.
- Respecto á dignidade de todas as persoas.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Analizar temas de actualidade desde un punto de vista crítico, repectando as diversas opinións.
- Analizar os nosos prexuizos e actitudes despectivas cara a grupos, persoas e formas de pensar diferentes

**SESIÓNS 5**

**UNIDADE 7. A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES**

**OBXECTIVOS**

- Observar como evolucionou a situación da muller nas diferentes épocas da historia.
- Analizar e interpretar a situación da muller traballadora.
- Combater os estereotipos sexistas.
- Descubrir na publicidade os estereotipos sobre a muller en distintos contextos.
- Identificar os tipos de discriminación social que sofren as mulleres.
- Asumir o reparto de tarefas no fogar como unha corresponsabilidade entre os seus membros.

- Recoñecer a dobre xornada laboral que realizan aínda a maioría das mulleres.
- Descartar calquera tipo de violencia, e en especial a dirixida cara ás mulleres.
- Pescudar en que consiste o dereito á igualdade de oportunidades.
- Coñecer as leis nacionais e internacionais que protexen a igualdade de sexos.
- Descubrir ONG nas que as mulleres xogan un papel fundamental.

**CONTIDOS**

- A situación social da muller ao longo da historia. Avances históricos.
- A muller e a educación.
- A imaxe da muller no cine e na televisión. Avances e retrocesos.
- A imaxe da muller na publicidade. Vulneración da dignidade da muller.
- A relación entre a linguaxe e os estereotipos.
- A muller e o traballo.
- Fóra do fogar: o reparto das tarefas.
- O dereito de igualdade na Constitución española e os dereitos humanos.
- ONG na que a súa finalidade é a igualdade entre muller e home e a defensa dos dereitos da muller.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Analizar temas de actualidade desde un punto de vista crítico, repectando as diversas opinións.

**SESIÓNS 4**

**<u>UNIDADE 8.</u> OS RETOS ÉTICOS DA CIENCIA E A TÉCNICA**

**OBXECTIVOS**

- Comprender o carácter antropolóxico e histórico da multitude de factores que se interrelacionan no desenvolvemento científico e tecnolóxico.
- Descubrir a dimensión moral e ética da produción e uso da ciencia, técnica e da tecnoloxia.
- Analizar e aclarar os valores que deberían guiar o desenviolvemento científico e tecnolóxico.
- Previr sobre os perigos asociados o desenvolvemento científico e recoñecer que existen casos en que a investigación científica está determinada por intereses políticos, económicos,etc.
- Descubrir e asumir a necesidade de establecer controis éticos e deontolóxicos dos procesos de investigación e do uso da tecnoloxía.

**CONTIDOS**

- Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos.
- Análise e discusión sobre os perigos implicados no desenvolvemento da ciencia, tomando como referente algún dos seus logros, o dos seus procedementos.
- Perigos e beneficios da ciencia desde unha perspectiva moral.
- A colonización científico-técnica.
- Reflexionar sobre os factores que fan posible a dependencia tecnolóxica duns países respecto doutros.

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Responder de forma argumentada e fundamentada a cuestión:son a ciencia e a técnica saberes moralmente neutrais?
- Análise e discusión sobre os perigos implicados no desenvolvemento da ciencia, tomando como referente algún dos seus logros, o dos seus procedementos.
- Comentarios de textos breves que debatan sobre: o progreso da ciencia, o precio que estamos pagando polo seu uso e disfrute, a necesidade de desenvolver unha responsabilidade prudente.

- Reflexionar sobre os factores que fan posible a dependencia tecnolóxica duns países respecto doutros e determimar os cambios que beben producirse para invertir a tendencia.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Analizar temas de actualidade desde un punto de vista crítico, repectando as diversas opinións.

**SESIÓNS 3**

**UNIDADE 9. O ECOLOXISMO**

**OBXECTIVOS**

- Analizar algún dos riesgos e problemas medioambientais máis graves ocasionados polas distintas actividades humanas.
- Recoñecer a responsabilidade humana na degradación medioambiental.
- Reflexionar sobre certas ideas de progreso e de riqueza e su relación coa degradación do planeta: revisalas e redefinilas críticamente.
- Analizar as causas da actual crisis ecolóxica e valorar as responsabilidades dos países ricos e pobres nela.
- Elaborar informes o síntesis de traballos sobre algún problema concreto que afecte ao medio ambiente e buscar propostas de solución utilizando con rigor a información obtida.
- Analizar e valorar alternativas e propostas de solución aos problemas medioambientais actuais.
- Identificar os valores e actitudes que orixinan a degradación actual do planeta que aqueles outros que podan cooperar para definir un estilo de vida alternativo compatible coa calidade de vida e coa defensa do medio ambiente.
- Reflexionar sobre a necesidade de axudar aos países pobres para frenar a degradación do planeta.

**CONTIDOS**

- Descripción da situación de degradación medioambiental do planeta. Análise casual e responsabilidade humana.
- Concepción e contidos da conciencia ecolóxica.
- Os límites do crecemento e a visión economicista do mundo. O sentido do progreso e crecemento económico.
- Principios de actuación da ética ecolóxica.
- Ecoloxía e calidade de vida.
- O concepto de desenvolvemento sostible

**PROCEDEMENTOS**

- Realización de actividades de comprensión lectora.
- Uso das ferramentas do diálogo argumentativo para comunicar as propias ideas de xeito coherente crítico.
- Uso sistemático do debate, escóita, explicación e argumentación.
- Observación, análise e comentario de imaxes.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos.
- Análise de informacións proporcionadas polos medios de comunicación.
- Analizar temas de actualidade desde un punto de vista crítico, repectando as diversas opinións.

**SESIÓNS 3**

## 1. CONTIDOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Para poder levar a cabo á práctica a programación didáctica se comeza por estructurar e organizar os contidos conceptuais en **catro bloques temáticos**, con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente, dos **seis bloques do currículo da materia da E.S.O.**

As diferenzas entre os bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo de 1º E.S.O. os alumnos e as alumnas traballen o referido á personalidade e a súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política.

**Bloque 1. A dignidade da persoa e as libertades fundamentais.**

**Bloque 2. Importancia de la Etica.**

**Bloque 3. A Democracia como estilo de vida.**

**Bloque 4. A xustiza e os dereitos humanos.**

**Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.**

**Bloque 6. Etica, ciencia e a tecnoloxía.**

Deste xeito, procurase que o **primeiro e o segundo bloques** abarquen a **primeira avaliación.**

Na **segunda avaliación** os alumnos traballaran os **bloques 3 e 4**, consolidando e ampliando os seus coñecementos, profundando dun xeito máis específico nos contidos. Preténdese que os alumnos coñezan os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación que se establece entre este e a sociedade. Que valoren a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa. Que distingan na persoa os ámbitos da vida privada e pública, identificando os límites da liberdade persoal e social. Que utilicen a conducta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e que xustifiquen a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas,respectuosas e satisfactorias.

E na **terceira avaliación** os alumnos traballarán os contidos relacionados co **quinto e sexto bloque**, preténdese que os alumnos distingan entre ética e moral, que recoñezan que a liberdade constitúe a raíz da estructura moral na persoa e que aprecien o papel que xoga a intelixencia e a vontade. Tamén que xustifiquen e aprecien o papel dos valores éticos na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, e que tomen conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social.

**Finalmente, nesta avaliación trataránse temas relacionados cos dereitos humanos e máis concretamente cos da muller e da infancia en grande parte do mundo. Tamén se falará e traballará con organizacións que traballan polo cumprimento dos dereitos humanos, ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros.**

## 2. VINCULACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS, COMPETENCIAS CLAVE E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A dignidade da persoa e as libertades fundamentais | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.<br>▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.<br>▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | ▪ B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. | ▪ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, | ▪ CAA |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | |
| | Bloque 2. Importancia de la Etica | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. | ▪ B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. | ▪ VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Fenómeno da socialización global.<br>▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.<br>▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de | ▪ B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e | ▪ VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | expresión outros dereitos. | reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema. | socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. | |
| | | | ▪ VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. | ▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | Bloque 3. A Democracia como estilo de vida | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.<br>▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc. | ▪ B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. | ▪ VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | fundamentais da persoa. | |
| | | | ▪ VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. | ▪ B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. | ▪ VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. | ▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais.<br>▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental. | ▪ B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. | ▪ VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | formulacións. | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant. | ▪ B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. | ▪ VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. | ▪ CAA |
| | | | ▪ VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. A xustiza e os dereitos humanos | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. Democracia e xustiza.<br>▪ B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos. | ▪ B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social. | ▪ VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. | ▪ B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de | ▪ VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das | ▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. | promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. | terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). | |
| | | | ▪ VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). | ▪ CSC |
| | Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) | | | |
| ▪ a | ▪ B5.1. Dereito e leis: finalidade, | ▪ B5.1. Apreciar a necesidade das leis | ▪ VEB5.1.1. Explica a finalidade e as | ▪ CCL |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h | características e xustificación ética.<br>▪ B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. | xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas. | características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. | |
| | | | ▪ VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza. | ▪ B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. | ▪ VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciables.<br>▪ B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.<br>▪ B5.6. Organizacións que traballan pola defensa | ▪ B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciables, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, | ▪ VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | dos DDHH. | indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. | ▪ VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.). | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc. | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.7. Dereito á seguridade e a paz.<br>▪ B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.<br>▪ B5.9. Ameazas á paz. | ▪ B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da | ▪ VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas | ▪ CCL |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. | conclusións (artigo 3 da DUDH). | |
| | | | ▪ VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). | ▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.<br>▪ B5.11. Misións das Forzas Armadas.<br>▪ B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución. | ▪ B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder. | ▪ VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). | ▪ CSC |
| | | | ▪ VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e | ▪ CSC |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. | |
| | | | ▪ VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. | ▪ CSC |
| | Bloque 6. Etica, ciencia e a tecnoloxía. | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos. | ▪ B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade. | ▪ VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. | ▪ B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. | ▪ VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | Valores éticos. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial. | |